

A nosa voz en Europa

Boletín

Xullo 2014 / Febreiro 2016

1

Agricultura e alimentación

Sector pesqueiro

Dereitos humanos e sociais

Mulleres

Sanidade

Ensino

Emprego

Medio ambiente

Benestar animal

Infraestruturas

Tratados de libre comercio

Internacional

DE
SUSTA

A nosa voz en Europa

Boletín

Xullo 2014 / Febreiro 2016

1

Índice

- 2** Agricultura e alimentación
- 14** Sector pesqueiro
- 17** Dereitos humanos e sociais
- 23** Mulleres
- 26** Sanidade
- 26** Ensino
- 27** Emprego
- 30** Medio ambiente
- 31** Benestar animal
- 31** Infraestruturas
- 32** Tratados de libre comercio
- 37** Internacional
- 41** Preguntas parlamentarias

Lidia Senra Rodríguez

Deputada no Parlamento Europeo pola Alternativa Galega de Esquerda en Europa (AGEe) e membro do Grupo Parlamentario da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL).

Tes nas túas mans o primeiro número de «A nosa voz en Europa». Esta revista pretende ser unha canle máis para divulgar as actividades da Alternativa Galega de Esquerda en Europa (AGEe) no Parlamento Europeo; tanto as iniciativas parlamentarias como a participación e actividades organizadas cos distintos colectivos que nos visitaron no Parlamento Europeo, como as xornadas organizadas na Galiza.

Neste Parlamento formamos parte do Grupo da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL), o único con paridade na súa composición: cincuenta e dous deputados e deputadas –vinteseis mulleres e vinteseis homes–, que vimos de partidos e coalicións de partidos de esquerda, conformando un grupo moi diverso e plural.

Este número, recolle a etapa dende o inicio do meu mandato como eurodeputada, en xullo do 2014, até principios do 2016. O noso obxectivo é que, no futuro, este boletín teña carácter periódico.

Outro dos obxectivos que pretendemos con este boletín, é contribuír a achegar á cidadanía a axenda europea debido á importancia que esta ten no noso día a día: o oitenta por cento das decisións políticas que logo afectan e condicionan a nosa vida tómanse nas Institucións Europeas. E, a pesar de que o Parlamento Europeo ten a súa acción limitada, pois os Gobernos non quixeron darlle capacidade lexislativa plena, si que ten a capacidade de codecidir. Isto significa que a Comisión ten que presentar as súas propostas ao Consello e ao Parlamento e, que para poderen ser aprobadas, precisase tamén do acordo do Parlamento.

Parécenos moi importante que se coñeza o que se debate aquí neste Parlamento tamén porque a maioría das veces enterámonos dos efectos negativos dunha decisión política que se toma na Unión Europea, cando o goberno do Estado ou a Xunta de Galicia a aplican. Xogan con isto para «colarnos» moitas cousas, por iso é tan importante que esteamos informadas e informados e participemos con propostas e mobilizacións se fora preciso cando se dan os debates na Unión Europea.

E, finalmente, e atendendo ao compromiso que asumimos nas eleccións de traer ao Parlamento Europeo as loitas que os diferentes colectivos estades librando no noso país, tamén con este boletín, pretendemos animarvos a que nos fagades chegar as vosas inquiredanzas e as vosas propostas, as vosas loitas e as vosas iniciativas.

Canta máis participación, máis posibilidades temos de acertar co noso traballo e máis faremos oír as nosas voces no Parlamento Europeo.

Edita: Lidia Senra Rodríguez
Deseño e maquetación: Numax
Imprime: Tórculo
Dep. Legal: C 866-2016



As labregas ocupan a súa posición de expertas e son consultadas polo Parlamento Europeo

Co obxectivo de discutir varios aspectos do proxecto do novo regulamento relativo á produción ecolóxica e etiquetaxe de produtos ecolóxicos da Comisión Europea, a Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural do Parlamento Europeo realizou o 3 de decembro de 2014 unha audiencia pública baixo o título «O regulamento relativo á produción ecolóxica e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos». A eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda en Europa (AGEE), Lidia Senra, na súa responsabilidade como coordinadora do GUE/NGL para a Comisión de Agricultura, apostou por convidar como experta a labrega Elia Rodríguez Álvarez, con máis de vinte anos de experiencia na produción ecolóxica en Galiza e, na actualidade, representante do Sindicato Labrego Galego no Consello Regulador de Produción Ecolóxica de Galicia (CRAEGA). «O consumo ecolóxico vai en aumento, polo que deberíamos incrementar a nosa capacidade de producir este tipo de alimentos; pero eu non quero producir para unha elite, senón para todo o mundo, e para iso precisamos ter máis apoio das institucións, para poder dar alimentación sa a toda a poboación», defendeu. **1**

Trasladamos ao comisario de Agricultura a nosa oposición á liberalización dos mercados

Nesta xuntanza da Comisión Parlamentaria de Agricultura celebrada o 4 de decembro de 2014, a eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda (AGEE), Lidia Senra, en calidade de coordinadora do Grupo Confederal da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL) para esa comisión, demandou ao Comisario Phil Hogan unha maior regulación dos mercados para todas as producións, preguntándolle abertamente sobre a súa posición ao respecto dunha posíbel modificación da actual Política Agraria Común (PAC) para o establecemento de medidas de forma a avanzar cara a un reforzo do control da produción e dos mercados que garanta prezos xustos para as produtoras e produtores, que asegure o abastecemento alimentario e impida que os excedentes europeos sexan introducidos baixo a fórmula do *dúmping* nos mercados extracomunitarios. Ademais, Senra lembroulle ao comisario que, no que respecta concretamente ao sector leiteiro, ademais de aspectos da situación de mercado que poidan

gardar relación co embargo ruso, «o problema do leite está tamén no abandono das cotas, que provocou un forte aumento da produción». **2 (Arquivo)**

Lidia Senra cualificou de «farsa» a resolución aprobada polo Parlamento Europeo o 13 de xaneiro de 2015 na que supostamente se defendía a capacidade de decisión dos Estados en materia de OXM

Tachou de «delirio» o feito de que o texto contemplara a posibilidade da coexistencia de cultivos ecolóxicos e transxénicos sen contaminación dos primeiros e demandou unha directiva que prohiba os cultivos e alimentos transxénicos na UE e a inmediata paralización do TTIP.

Intercambio de opinións entre Lidia Senra e os sindicatos agrarios SLG, UUA e XXAA

Lidia Senra e o deputado de AGE no Parlamento Galego, Antón Sánchez, mantiveron un encontro a principios de 2015 en Compostela con Xosé Ramón Cendán –membro da executiva do Sindicato Labrego Galego (SLG)–, Javier Iglesias –responsábel do sector gandeiro en Unións Agrarias (UUA)– e Francisco Bello –secretario xeral de Xóvenes Agricultores-Asaja Galicia (XXAA). Senra tomou a iniciativa de convocar esta xuntanza coas organizacións sindicais agrarias galegas para trasladarlles información sobre os principais temas que se están a abordar na Comisión de Agricultura do Parlamento Europeo (PE), coa intención de «recoller as preocupacións que neste momento teñen os sindicatos agrarios do país» e, deste xeito, «poder analizar as propostas e as distintas vías existentes para levar estas inxerencias ao Parlamento Europeo». O sector leiteiro, a regulación de agricultura ecolóxica e as consecuencias que para a agricultura tería a aprobación dos tratados de libre comercio que a Unión Europea está a negociar cos EEUU (TTIP) e Canadá (CETA) foron os principais temas tratados na xuntanza.

Xuntanza de Lidia Senra coa ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente en Bruxelas

Este encontro con titulares e suplentes das comisións europarlamentarias de agricultura e pesca, celebrado o 27 de xaneiro de 2015, foi solicitado pola propia ministra e tivo lugar en dúas quendas. Senra, como titular do Grupo Confederal da Esquerda Unitaria Europea-Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL) para a Comisión de Agricultura e suplente na de Pesca, estivo presente esta mañá en ambas as dúas xuntanzas. A eurodeputada de AGEe transmitiu «a nosa enorme preocupación pola crise que se aveciña co fin das cotas como instrumento de control da produción láctea e a ineficacia demostrada xa coas medidas do paquete lácteo postas en marcha». Neste senso, desde AGEe sinalámoslle nese momento a Tejerina a pertinencia de que o ministerio faga «unha fonda análise e reflexión» da actual situación no sector, así como de «apostar claramente por manter as cotas como un instrumento de control da produción e traballar para unha repartición xusta do dereito a producir entre labregos e labregas de toda a UE». A eurodeputada galega puxo tamén enriba da mesa a problemática dos tratados de libre comercio cos EEUU (TTIP) e Canadá (CETA), solicitando que se suspendan as negociacións destes acordos «polo que supoñen en canto á destrución de postos de traballo nas explotacións labregas, un dano totalmente inaceptábel cando ademais a alimentación básica pode ser producida a nivel local e adquirida en circuitos curtos de comercialización, cuestión fundamental tamén na loita contra o cambio climático». En relación coa pesca, Senra propuxo a cuestión da prohibición das redes de mallas á deriva, defendendo «a necesidade de excluír desta prohibición as artes de pesca artesanal, como é o caso do ‘xeito’ en Galiza», ao que a ministra respondeu confirmando que «salvagardar o xeito e o sardiñal» era tamén a posición do ministerio nese momento. Senra tamén chamou a atención de Tejerina sobre «a problemática que están a xerar as cotas de pesca en Galiza», reclamando «a necesidade de revisar tanto a asignación das mesmas ao Estado como a repartición que fai o propio Estado, así como que a pesca artesanal fiquen excluída da aplicación das cotas».

«A agricultura labrega é unha ferramenta importantísima para loitar contra o cambio climático»

O 28 de xaneiro de 2015, durante o debate en sesión plenaria da «Folla de ruta con vistas a un novo acordo

internacional sobre o clima en París. Declaracións do Consello e da Comisión», a eurodeputada de AGEe, Lidia Senra, instou ás institucións presentes no hemicycle a «comprometerse» e dar «un xiro radical» ás políticas agrarias e alimentarias actuais da UE. «A loita contra o cambio climático pasa tamén por mudar de xeito radical a nosa forma de producir e comercializar os alimentos que comemos cada día», insistiu Senra. Para realizar estas mudanzas, proseguiu, «a agricultura labrega á pequena escala, con modos de produción agroecolóxicos», así como «o consumo de alimentos locais e a potenciación dos circuitos curtos de comercialización», ademais de sustentar millóns de empregos en todo o planeta, «é unha ferramenta importantísima contra o cambio climático» xa que «favorecería un descenso da temperatura global porque contribuíría a diminuír de xeito moi considerábel as emisións de carbono».

Para decidir libremente que modelo alimentario e social apoiamos precisamos unha etiquetaxe completa

Durante o debate realizado en sesión plenaria o 9 de febreiro de 2015, Senra abondou nos beneficios de contar coa información precisa para podermonos decantar por modelos produtivos ecolóxicos e sustentábeis, sinalando na Eurocámara que se as persoas consumidoras puidésemos mercar en circuitos curtos de distribución (mercados locais, prazas de abastos, comercio local...), «estaríamos contribuíndo dun xeito importante á loita contra o cambio climático», «que aparentemente tanto nos preocupa», apostilou ironicamente en referencia ás proclamas enunciadas na sesión plenaria que tivo lugar en Bruxelas o 28 de xaneiro ao respecto da posición que a UE debería levar ao cumio sobre cambio climático que vai ter lugar a finais deste ano en París.

As gandeiras e os gandeiros fixeron escoitar a súa voz na Comisión de Agricultura do Parlamento Europeo a través da secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba

O martes 27 de febreiro de 2015 a gandeira Isabel Vilalba participou como experta no sector leiteiro nunha audiencia pública convocada baixo a epígrafe «O paquete lácteo e as perspectivas para o sector leiteiro». «A realidade, tres anos despois, é que a situación de control e de dominio da



grande distribución mantívose; de feito, a grande distribución quedou totalmente fóra das medidas do paquete lácteo», afirmou a secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego (SLG). En relación cos «desequilibrios na cadea de produción leiteira», proseguiu Vilalba, «seguimos nunha situación similar» xa que «non se estableceu un prezo mínimo que cubra os custos de produción e remuneren o traballo, nin mecanismos efectivos que penalicen a imposición de vender a perdas que neste momento sufrimos as produtoras e os produtores». A eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda

en Europa, Lidia Senra, como coordinadora do Grupo da Esquerda Unitaria Europea-Esquerda Verde Nórdica (GUE-NGL) para a Comisión de Agricultura, promoveu a intervención de Isabel Vilalba como experta nesta audiencia pública baixo a premisa de «facer escoitar a voz das labregas e dos labregos no Parlamento Europeo», nun tema ademais «fundamental para o país» como é o sector leiteiro. **3**

Debate no GUE/NGL para analizar as repercusións do fin das cotas sobre as produtoras e os produtores de leite

A instancia da eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda en Europa (AGEe), Lidia Senra, o 10 de marzo de 2015 procedeuse na reunión do Grupo da Esquerda Unitaria Europea-Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL) a analizar as repercusións que a finalización do sistema de cotas leiteiras previsto para o 31 de marzo ía ter para as produtoras e os produtores de leite da Unión Europea (UE). **4**

Senra denuncia que o Estado se escuda na simplificación da PAC para eliminar as axudas ás pequenas explotacións

No marco do debate sobre a simplificación da Política Agraria Común (PAC) coa participación do Comisario de Agricultura celebrado o 25 de marzo de 2015, a eurodeputada de AGEe demandou que a simplificación da PAC se materialice na facilitación da tramitación para as labregas e os labregos, a través de organismos públicos. Por outra banda, denunciou a eurodeputada de AGEe, as medidas de flexibilización ás que se poden acoller os Estados están a ser empregadas polo Estado español «para eliminar as axudas das pequenas explotacións», é dicir, xustamente as explotacións que perciben menor contía de axuda, xa que «pretenden eliminar da percepción de axudas da PAC todas aquelas ás que lles corresponda menos de 300€». Estímase que aproximadamente 15.000 explotacións en Galiza, unhas 30.000 en todo o Estado, ficarían excluídas destas axudas. **5**



Lidia Senra reitera a necesidade dunha política leiteira pública con mecanismos de control da produción

A eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda en Europa (AGEE), Lidia Senra, participou o 31 de marzo de 2015 na mobilización convocada por gandeiras e gandeiros do EMB na Praza de Luxemburgo (Bruxelas) coincidindo co fin da última campaña leiteira con sistema de cotas. «A ferramenta fundamental que precisan as produtoras e os produtores é unha política pública europea forte, que regule a produción e o mercado, con mecanismos que garantan prezos que cubran os custos de produción e remuneren o traballo, impulsando as zonas de produción leiteira», reiterou a eurodeputada de AGEe. **6**

Lidia Senra en relación co fin do sistema de cotas: «Estamos ante a confirmación dun fracaso anunciado»

Lidia Senra e a deputada asturiana Ángela Vallina (Izquierda Unida) ofreceron o 21 de abril de 2015

en rolda de prensa no Parlamento Europeo unha análise sobre as perspectivas do sector leiteiro despois da liberalización total de mercado provocada pola finalización do sistema de cotas lácteas. Estiveron acompañadas por Antón Sánchez García, deputado de Alternativa Galega de Esquerda (AGE) e membro da Comisión de Agricultura no Parlamento Galego, e por Juan José Menéndez García, gandeiro e agricultor militante de Izquierda Unida (IU) en Asturias. Tras a rolda de prensa mantiveron unha xuntanza de máis dunha hora co Director Xeral de Agricultura e Desenvolvemento Rural da Comisión Europea, Jens Schaps. **7**

Lidia Senra denuncia a «hipocrísia» de PP e PSOE con respecto á crise de prezos no sector leiteiro

A eurodeputada de AGEe denunciou «a hipocrísia» do grupo Popular Europeo e do grupo Socialista Europeo, «que habitualmente votan sempre xuntos en temas que son de máxima importancia para as nosas vidas, decisións que normalmente nos afectan de forma negativa». En concreto, a eurodeputada galega referiuse hoxe á actual situación crítica do sector leiteiro onde, en Galiza, as produtoras e os produtores de leite están a vivir unha das peores crises dos últimos anos, «con contratos a 24 céntimos e moito leite liquidado a 21 céntimos», o que fai «practicamente imposible» sobrevivir no sector. Esta situación «ten unha orixe», lembrou Senra, o denominado ‘Paquete lácteo’, «que foi aprobado na Unión Europea tanto polo Partido Popular (PP) como polo Partido Socialista (PSOE) o 15 de febreiro do ano 2012», precisou.

Senra cualifica de «burla» ás persoas consumidoras e «ataque» ao sector o informe sobre sinalización de orixe na etiquetaxe

A eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda en Europa (AGEe), Lidia Senra, cualificou de «auténtica burla para consumidoras e consumidores» o informe presentado o 20 de maio pola Dirección Xeral de Saúde e Seguridade Alimentaria da Comisión Europea no que argumenta que incluír a procedencia dos alimentos na etiquetaxe de produtos non transformados, produtos dun só ingrediente ou que supoñen máis do 50% do mesmo implicaría un encarecemento. «Todo o mundo sabemos que



engadir unha liña máis na etiqueta que sinala a procedencia do produto non ten porque encarecelo», sinalou. Para Senra, as conclusións deste informe, que en si mesmo «constitúe un ataque ao sector produtor do mexillón», están motivadas porque «o que realmente lles encarece» é o feito de que «se poñen que o produto é galego teñen que mercar o mexillón en Galiza», en tanto que se esta indicación non figura «moitas cidadás e cidadáns mercaremos mexillón de marcas galegas ou asociadas a Galiza e pensaremos que estamos comendo mexillón galego aínda que non o sexa», alertou. Desde AGEe temos claro que esta é «a verdadeira razón» pola que a gran industria se nega a que a etiquetaxe sexa obrigatoria, mesmo a pesar de que as conclusións deste informe sinalen claramente que a inmensa maioría das consumidoras e dos consumidores prefire ter unha información exhaustiva dos alimentos que adquiren.

A Xunta, o Ministerio e a CE de Agricultura, cómplices do ataque ao sector leiteiro galego

«Enfrontámonos a unha crise provocada polo fin do control público da produción e que deixa en mans

das grandes industrias o sector leiteiro», apuntou o 29 de xuño desde Galiza a eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda en Europa (AGEe), ao día seguinte da súa participación na concentración de apoio ao sector convocada en Teixeiro.

Grande parte da actual crise no sector leiteiro débese á aplicación do «paquete lácteo»

Na sesión plenaria de principios de xullo de 2015 debateuse a revisión da aplicación do denominado ‘Paquete lácteo’ –aprobado na Unión Europea tanto polo Partido Popular (PP) como polo Partido Socialista (PSOE) o 15 de febreiro do ano 2012–. A eurodeputada de AGEe interveu no debate para reiterar unha vez máis que gran parte da actual crise no sector leiteiro débese precisamente á aplicación deste «paquete lácteo», contemplado como un dos instrumentos de apoio para a liberalización total do sector, «unha medida que non estableceu nin tan sequera medidas básicas como un prezo mínimo que cubra os custos de produción e remuneren o traballo, nin tampouco fixou mecanismos efectivos que penalicen a imposición de vender a perdas que neste momento sofren as produtoras e os produtores», lembrou Senra. Tamén reiterou que «esta crise no sector leiteiro ten responsábeis: o Consello, a Comisión e aqueles deputados e deputadas que no seu día aprobaron a liberalización do sector, o abandono da política leiteira pública e o ‘Paquete lácteo’». Desde AGEe subliñamos unha vez máis que se realmente se quere solucionar a crise na que se atopa o sector leiteiro galego e europeo «temos que volver a unha política leiteira pública que teña como base a regulación da produción e do mercado, prezos mínimos que cubran o traballo e os custos de produción, que dean prioridade ao mercado interno e asentada nun modelo de produción en base á terra e aos pastos; é o único xeito de saír desta crise». **8**

A loita do sector leiteiro galego é tamén a loita por un medio rural vivo

Alternativa Galega de Esquerda en Europa sumouse á mobilización convocada polo sector leiteiro o 17 de xullo de 2015 en Compostela, na demanda de prezos que cubran custos de produción e remuneren o traballo, garantía de recollida e mediación pública. **9**



Seminario «Impacto da liberalización do sector lácteo en Europa: Que futuro?»

Os días 2 e 3 de setembro de 2015 tivo lugar no Parlamento Europeo o seminario «Impacto da liberalización do sector lácteo en Europa: Que futuro?», con continuidade en Galiza o día 4. Neste marco relatores e relatoras de Galiza, Euskal Herria, Bélxica, Alemaña, Suíza, Canadá e Colombia achegaron as súas experiencias e propostas para facer fronte á crise do sector. Foi unha iniciativa organizada polo Grupo da Esquerda Verde Nórdica-Esquerda Unitaria Europea (GUE/NGL) e promovida pola eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda en Europa (AGEE), Lúcia Senra, xunto co eurodeputado de EH Bildu, Josu Juaristi, e a eurodeputada do partido finlandés Vasemmistoliitto (Left Alliance), Merja Kyllönen. Contou na súa apertura coa intervención da presidenta do GUE/NGL, a alemá Gaby Zimmer, do partido Die Linke. Na primeira das mesas de debate, centrada na análise da situación do sector produtor e mercado lácteo na Unión Europea, a secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego (SLG), Isabel Vilalba, sinalou que desde a Coordinadora Europea Vía Campesina (CEVC) –da que fai parte o SLG– tense a certeza, a teor dos datos obtidos a través da súa participación no Observatorio lácteo europeo e no Grupo de diálogo civil, de que as perspectivas no comercio mundial de lácteos «son de estancamento da demanda e aumento da produción nas principais potencias leiteiras, un escenario que provocará volatilidade e caída de prezos, a diminución das exportacións desde a Unión Europea, a perda de milleiros de granxas e postos de traballo e a concentración produtiva en explotacións ‘superintensivas’ nunhas poucas rexións europeas de países como Alemaña, Holanda e Francia». Pola súa banda, o produtor de leite e membro do colectivo

de agricultura agroecolóxica de Euskal Herria EHKolektibo, Mikel Azkarate, expuxo o caso práctico da súa explotación de leite ecolóxico en Navarra, na que, afastándose do manido *mantra* do aumento da produción, optan pola transformación do produto –queixo, iogures, etc.– e por realizar venda directa. Esta estratexia proporcionoulles unha redución da carga gandeira e un aumento do pastoreo rotatorio e da forraxe, diminuindo a cantidade de penso por vaca ao día e, polo tanto, reducindo custos de produción. O produtor alemán Romuald Schaber, presidente do European Milk Board (EMB), vinculou a actual crise do sector leiteiro a nivel de toda a Unión Europea directamente «á liberalización do mercado e ás graves crises padecidas nos anos 2009 e 2012». Schaber reiterou que a solución da situación actual, con dúas de miles de explotacións lácteas europeas ao borde da desaparición «require imprescindiblemente da fixación de prezos en orixe, xa que o principal motivo da desaparición de explotacións leiteiras en toda Europa é precisamente que o prezo ao que se vende o leite non cobre os custos de produción». Ademais valorou que a produción de leite baixo un modelo sustentábel en toda Europa «é unha cuestión social, que debe implicar políticos/as e gandeiros/as». Nicolas Bezençon, da organización suíza Uniterre, realizou unha instantánea da situación do sector produtor en Suíza, onde a liberalización da produción xa se deu no ano 2009. Na actualidade obsérvase unha forte segmentación do mercado, clasificando o leite en tres tipos diferentes: contractual (A), leite de bolsa (B) e leite de evacuación (C). «O contractual vendémolo a 42 cent/l, o B a 39 cent/l e o de evacuación a prezos de mercado. No entanto, ningún cobre os custos de produción, establecidos en 70 cent/l en Suíza». Bezençon aclarou tamén que na actualidade existe unha superprodución do 107% no territorio helvético, «mais non nos está permitido deixar de

producir, temos obriga de vender aínda que sexa ao prezo mundial, sempre máis baixo». Desde Canadá, Diane Dowling, presidenta da National Farmers Union (NFU) Local 316, comentou que «no contexto actual, de grande incerteza económica, política, climática e social, cada comunidade precisa aumentar a capacidade de se alimentar a si mesma, acadar a soberanía alimentaria, deixando a toma de decisións en mans da xente da zona, evitando que a alimentación da poboación estea controlada por empresas con ánimo de lucro». O colombiano Néstor Alfredo Díaz, presidente da Federación Nacional Sindical Unitaria Agropecuaria (FENSUAGRO), abordou explicitamente as consecuencias que para o sector produtor leiteiro de Colombia están a supor as regras de mercado impostas polos tratados de libre comercio, nomeadamente cos EEUU: «Os produtores de leite en Colombia, aproximadamente 400.000 familias, afrontan a día de hoxe a peor crise da súa historia debido ás condicións de mercado forzadas polos tratados de libre comercio». Gérard Choplin, experto independente en políticas agrarias, fixo fincapé en que liberalizar o mercado lácteo para proceder a un aumento da produción implicará máis excedentes europeos, «o que suporía aumentar a dependencia da fixación de prezos do mercado mundial, así como o aumento da volatilidade e a competencia cos países que están a producir moi barato, como Australia, Nova Zelandia e os EEUU», territorios contra os que a UE non podería competir debido á diferenza nas características climatolóxicas e orográficas. Finalmente, a eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda en Europa, Lúcia Senra, concluíu a xornada valorando que este encontro «é unha contribución fundamental para o noso grupo e permítenos seguir a fixar posicións e a elaborar propostas para unha política leiteira pública europea que permita que haxa moitos produtores e produtoras de leite vivindo dignamente do seu

traballo en toda a Unión Europea mantendo o medio rural vivo». Asemade, a posibilidade de ter acceso a experiencias internacionais «permítenos ver tamén como estas políticas neoliberais da Unión Europea non só son nefastas na UE, senón que destrúen tamén o campesiñado e o medio rural nos países empobrecidos, tal e como vimos coa intervención do compañeiro colombiano da Vía Campesina Internacional». Neste encontro no Parlamento Europeo participou tamén unha delegación integrada por 24 gandeiras e gandeiros galegos, así como representantes do sector leiteiro convidados/as por varias delegacións do GUE/NGL. **10 1/2**

Lúcia Senra: «Sen prezo e sen control da produción non hai futuro para o sector leiteiro»

O 23 de setembro de 2015 viuse en Madrid, unha vez máis, un peche en falso da situación de inestabilidade na que a liberalización total do sector lácteo, derivado do fin de sistema de cotas, ten sumido ao sector leiteiro galego. Esta proposta de acordo «xorde xa eivada desde un primeiro momento», valora a eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda (AGEE), Lúcia Senra, posto que o texto non recolle «demandas fundamentais como a fixación de instrumentos que garantan un prezo remunerador, que cubra custos e traballo». **11 1/2**

Denunciamos ante a Comisión Europea a xustificación da CNMV no abuso de poder no sector leiteiro

O 24 de setembro de 2015 rexistramos unha pregunta parlamentaria dirixida á Comisión



Europea denunciando as declaracións realizadas esta semana polo Presidente da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) –organismo dependente do Ministerio de Facenda– nas que afirma considerar «pouco razoábel» prohibir ou criticar de forma xeneralizada a venda a perdas, propondo mesmo como positiva a non sustentabilidade económica das explotacións gandeiras porque, desde o seu punto de vista, pode implicar «vantaxes» para as persoas consumidoras. Desde Alternativa Galega de Esquerda en Europa (AGEe) denunciámos diante da Comisión Europea esta prepotente visibilización da asimetría de forzas na cadea de produción e distribución do sector leiteiro. Un abuso de poder que para Lída Senra «é evidente», xa que a propia Comisión Europea e o Parlamento Europeo declaran traballar para «facer fronte ás prácticas comerciais desleais na cadea de subministración alimentaria entre empresas».

Senra: «Precisamos novos modelos de produción para soste un gran número de labregas e labregos na UE»

O 26 de setembro de 2015 debateuse en sesión plenaria en Bruxelas a crise agraria que está a abafar ao campesiñado da Unión Europea. A eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda responsabilizou da difícil situación que están a padecer as labregas e os labregos da Unión Europea ás «maiorías parlamentarias dos Estados e institucións europeas», acusándoas de estar decidindo «liberalizar e apoiar unha agricultura industrial que está claramente en contra da pequena e mediana explotación agraria».



Debate aberto «Agroecoloxía na UE: Unha oportunidade única»

O 27 de setembro de 2015 AGEe organizou, xunto coa Coordinadora Europea Vía Campesina e a Universidade de Coventry (Inglaterra), o debate aberto «Agroecoloxía na UE: Unha oportunidade única». Neste espazo debateuse sobre as políticas públicas necesarias para apoiar e aplicar un modelo de produción agroecolóxico en Europa. Tamén tivo lugar a presentación da declaración final do Foro Internacional de Agroecoloxía, celebrado o pasado mes de marzo en Nyéléni, Malí. **12**

A crise do sector lácteo galego no contexto europeo e internacional

Desde AGEe organizamos palestras en 2015 en Vigo, A Coruña, Lugo, Monforte e Chantada para achegar ás cidades e vilas as claves da análise da crise do sector leiteiro. **13**

«Deberíase indemnizar ás persoas produtoras en ecolóxico que sufran contaminación por transxénicos»

A Comisión de Agricultura do Parlamento Europeo procedeu o 13 de outubro a votar o informe Produción ecolóxica e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos, modificación do Regulamento (UE) do Parlamento Europeo e do Consello [Regulamento relativo aos controis oficiais] e derogación do Regulamento (CE) n° 834/2007 do Consello, ao que se presentaron máis de 1.300 emendas. Finalmente o informe saíu aprobado. Alternativa Galega de Esquerda en Europa abstívose. A eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda en Europa valorou desde Bruxelas que este informe «malia a ter cousas importantes», contaba con varios aspectos que impedían que puidera ser apoiado por AGEe. Senra, responsábel de seguir este informe para o Grupo da Esquerda Verde Nórdica/Esquerda Unitaria Europea (GUE/NGL) na Comisión de Agricultura, chamou a atención sobre o feito de que «non foron consideradas as nosas emendas dirixidas a que non poidan ser valorados como «ecolóxicos» produtos que son desprazados desde milleiros de quilómetros». Outro punto especialmente sensíbel foi o debate sobre a necesidade de apoiar a produtoras e produtores que vexan contaminadas as súas producións ecolóxicas por organismos transxénicos debido a prácticas

de terceiros. «Nós defendíamos que estas persoas agricultoras en ecolóxico deben ser indemnizadas economicamente e esta proposta tampouco saíu aceptada», explicou a eurodeputada galega.

Prezos xustos na produción e o mantemento e recuperación de servizos, demandas principais

A través da eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda en Europa (AGEe), Lída Senra, o 20 de outubro de 2015 unha delegación de once gandeiras e gandeiros residentes en zonas de alta montaña de Galiza entrevistáronse no Parlamento Europeo (PE) con Dermot Ryan, representante da Dirección Xeral de Agricultura da Comisión Europea (DX AGRI), e coa eurodeputada Mercedes Bresso, presidenta do Intergrupo Parlamentario de Áreas Rurais, Montañas e Remotas, no que AGEe está inscrita. A delegación galega puxo sobre a mesa a necesidade de garantir prezos na produción de vacún de carne e denunciou diante da Comisión a progresiva eliminación de servizos públicos nas áreas rurais potenciada polo goberno da Xunta, subliñando as graves consecuencias sociais que está a ter concretamente a eliminación de centros educativos e sanitarios. Na liña de afondar na visibilización da importancia do mantemento destas zonas, nomeadamente para preservar a nosa biodiversidade e identidade cultural mantendo ao tempo un tecido produtivo que contribúa a fixar poboación nestas áreas, Senra trasladou á DX de Agricultura como demanda principal «que sexan activadas as políticas agrogandeiras e sociais precisas para que as persoas que residen e/ou manteñen unha actividade produtiva nas zonas de alta montaña teñan garantida unha vida digna e poidan gozar dos dereitos e acceder a servizos como calquera cidadá ou cidadán de Galiza.» **14**

Senra: «A dependencia da gandaría con respecto á soía transxénica é imposición do lobby pro OXM»

O 28 de outubro de 2015 procedeuse ao debate en sesión plenaria da Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e o Consello pola que se modifica o Regulamento (CE) n°1829/2003 no que respecta á posibilidade de que os Estados membros restrinxan ou prohiban o uso de alimentos e pensos modificados xeneticamente no seu territorio. O texto presentado pola Comisión constituía un documento



ambiguo no que se propuña, de forma xeral, a posibilidade da prohibición ou restrición, pero baixo uns condicionantes que fan practicamente imposíbel levar adiante esa determinación. Esta posición é acorde coas denuncias de conivencia entre a Comisión Europea e o *lobby* transxénico na UE, realizadas por distintas organizacións da sociedade civil. A propia Comisión Europea (CE) asumiu no debate desta mañá que a sociedade europea «se opón aos organismos xeneticamente modificados»; non obstante, as propostas políticas realizadas por esta institución van na liña de favorecer a súa implementación. Mais, «por que impolos se non os necesitamos?», interpelou directamente esta mañá a eurodeputada de AGEe, Lída Senra.

Senra: «A Comisión Europea está a valorar unha estratexia para eludir os controis anti OXM na UE»


Na Comisión de Agricultura do Parlamento Europeo no mes de novembro de 2015 presentouse a posibilidade de que algunhas das Novas Técnicas de Reprodución (NTR) de alimentos nas que a Comisión Europea está a traballar poidan ser consideradas NTR e non OXM desde o punto de vista xurídico e, polo tanto, non ter que ser sometidas a unha regulación que se percibe máis esixente. «O movemento labrego internacional leva xa máis de vinte anos funcionando colectivamente e non é a primeira vez que vemos como pretenden presentarnos a alimentación transxénica como se non o fora, ou pór trabas á súa identificación», lembrou a eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda en Europa (AGEe) e titular na Comisión de Agricultura para o Grupo da Esquerda Verde Nórdica-EsquerdaUnitaria Europea (GUE/NGL), Lída Senra. «Non podemos permitir que poñan organismos xeneticamente modificados

nos nosos pratos sen nin sequera respectar o noso dereito a sabelo e a poder elixir», argumenta a eurodeputada galega. Por outra banda, a intención da Comisión de avanzar nunha alimentación deseñada polas grandes corporacións en substitución da propia natureza, avogando polo desenvolvemento de novas técnicas de produción de alimentos en lugar de apoiar a agricultura labrega, «ten ademais o interese engadido de ampliar o mercado de patentes coas que se enriquecen as grandes multinacionais da alimentación, en detrimento do campesiñado, da troca de sementes e do traballo e a loita por desenvolvermos unha agricultura agroecolóxica que proporcione elementos sans e de calidade á poboación, avanzando ao mesmo tempo cara á consecución da soberanía alimentaria para os pobos, que é o único xeito de non estar sometidas ás corporacións internacionais para poder comer», sentenciou a eurodeputada galega. **15 (Arquivo)**

galega. Fronte ao acontecido coa autorización deste millo transxénico, Senra esixiu á Comisión Europea «que cumpra dunha vez por todas coa súa función, que é precisamente velar polos intereses xerais da UE comprobando que se cumpre a lexislación comunitaria», e que deixe de ser protagonista das «manipulacións da vontade lexislativa da UE tan vergoñentas e perigosas para a poboación como esta».

Senra acusa a Comisión Europea de estar «a eludir o debate» dos organismos xeneticamente modificados

O 16 de decembro de 2015 o Parlamento Europeo (PE) aprobou unha resolución que insta á Comisión Europea a derrogar a súa Decisión de Execución (UE) 2015/2279, pola que o 4 de decembro de 2015 autorizou a «*comercialización de produtos que estean compostos de millo modificado xeneticamente NK603 × T25 (MON-ØØ6Ø3-6 × ACS-ZMØØ3-2), que o conteñan ou se teñan producido a partir del*». Segundo a práctica lexislativa, a pesar de que non se trata dun procedemento deco-lexislación senón de consulta, a Comisión tiña a obriga de presentar un borrador ao Parlamento para coñecer a súa opinión antes de tomar a decisión de aprobar a comercialización deste millo. Porén, a pesar de contar xa coa posición contraria da Comisión de Medio Ambiente do Parlamento Europeo desde o día 1 de decembro, a Comisión non só a obviou, senón que nin sequera agardou a coñecer a opinión do Parlamento en sesión plenaria, dando mostra de como fan de menos as responsabilidades da Eurocámara de xeito totalmente intolerábel, e mesmo non respectando o propio procedemento. «A sociedade europea non queremos os transxénicos, moitas persoas somos conscientes dos efectos negativos dos organismos xeneticamente modificados» –entre os que destacan as afeccións na saúde humana e o deterioro do medio–, «e tamén as labregas e os labregos, que padecemos moi de preto a súa ditadura das patentes e a imposición do actual sistema agroindustrial», reiterou a eurodeputada



16

Compilamos as propostas de demandas do sector mexilloeiro

Lidia Senra entrevistouse o 5 de decembro de 2014 en Bueu con representantes do sector mexilloeiro para coñecer de primeira man as dificultades ás que se están a enfrontar no desempeño da súa actividade profesional. Ademais, abordaron tamén a importancia da etiquetaxe para o mexillón. Ese mesmo día, Lidia Senra entrevistouse, xunto co eurodeputado Juan Fajardo, con representantes de mariscadoras e mariscadores sen carné que demandan regularizar a súa actividade extractiva. **16**

Galiza na etiquetaxe dos nosos produtos

O 13 de decembro de 2014 demandamos publicamente que Galiza figure como país de procedencia na etiquetaxe de todos os nosos produtos. Desde AGEe traballamos fortemente pola inclusión do mexillón dentro da proposta que fixo a Comisión Europea nese mes para modificar o Regulamento da Organización Común de Mercados no Sector dos Produtos da Pesca e da Acuicultura.



17



18

Senra solicita á Comisión e ao Consello a exclusión do «xeito» da prohibición da pesca con redes de deriva

No intercambio de impresións celebrado o 22 de xaneiro de 2015 na Comisión de Pesca do Parlamento Europeo co comisario de Medio Ambiente, Asuntos Marítimos e Pesca, Karmenu Vella, e co ministro Janis Duklavs –en calidade de presidente do Consello de Pesca–, a eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda (AGEe) destacou a pertinencia de que o Consello e a Comisión poñan en marcha «a elaboración dun estudo das repercusións das cotas pesqueiras en materia de emprego nos barcos», xa que «en Galiza estas cotas son totalmente insuficientes e están a ter un impacto moi negativo, como así teñen manifestado, por exemplo, os mariñeiros galegos do cerco o pasado ano». «Se non se incrementan», proseguíu, «destruíranse milleiros de postos de traballo». Senra insistiu ao ministro e ao comisario na urxencia de «excluír o ‘xeito’ da listaxe de artes de pesca con redes de deriva e así dar resposta ás reivindicacións expresadas polos mariñeiros desta arte de pesca tradicional galega nas múltiples mobilizacións que teñen levado adiante».



19^{1/2}

A Comisión Europea «defende» un acordo para que os mariñeiros do Estado recuperen as pensións negadas por Noruega

En marzo de 2015, en resposta á carta enviada no mes de xaneiro pola eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda en Europa (AGEe), Lidia Senra, denunciando a situación dos 10.000 mariñeiros galegos –12.000 en todo o Estado– aos que o Goberno de Noruega está a lles negar o reintegro das cotizacións realizadas durante anos, a comisaria europea de Emprego, Asuntos Sociais, Capacidade e Mobilidade Laboral, Marianne Thyssen, ratificou a AGEe a pertinencia de facer valer o artigo nº16 do Regulamento (CE) nº883/2004, que «confire ás autoridades competentes dos Estados membro a posibilidade de celebración de acordos bilaterais en interese de determinadas persoas ou categorías de persoas», tal e como llo ten trasladado a propia Lidia Senra á primeira ministra norueguesa Erna Solberg e á Alta Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade, Federica Mogherini. No mes de xullo de 2014 AGEe rexistrou xa unha pregunta parlamentaria ao respecto da actitude de total desleixo do Goberno de Noruega, corroborando coa resposta da Comisión que este país «debería respectar as disposicións transitorias que figuran no novo Regulamento simplificado (CE) nº 883/2004», que indica que «toda prestación que non tivera sido liquidada ou que fora suspendida por causa da nacionalidade ou da residencia da

persoa interesada será, a petición desta, liquidada ou restabelecida». Dada a falta de reacción por parte de Noruega, no mes de decembro de 2014 Senra promoveu desde o Parlamento Europeo unha carta dirixida á primeira ministra norueguesa Erna Solberg, asinada pola eurodeputada galega e 32 eurodeputadas/os máis, na que a instaba precisamente a cumprir co citado regulamento (CE) nº 883/2004 e lembráballe que a propia Comisión Europea especificou na súa resposta que as autoridades competentes españolas e norueguesas poden pórse en contacto para celebrar un acordo bilateral en interese dos traballadores. **17**

Denunciamos que o Goberno Español non respecta o Art. N°17 da política pesqueira común na repartición de cotas

O 16 de marzo de 2015 demos a coñecer a través dun comunicado de prensa a resposta proporcionada polo Comisario Europeo de Medio Ambiente, Asuntos Marítimos e Pesca, o maltés Karmenu Vella, a unha pregunta rexistrada pola deputada de Alternativa Galega de Esquerda en Europa con relación á posíbel redistribución das cotas pesqueiras na procura dunha ampliación significativa da marxe de capturas para os barcos galegos. Nesta resposta o propio Vella afirma que a Comisión Europea recoñece para Galiza «a importancia do seu sector pesqueiro para a economía local», e dado que o citado Artigo 17 sinala que un dos criterios empregados para realizar a repartición de cotas é precisamente «a contribución á economía local», desde AGEe entendemos que o Goberno español non cumpre coas obrigas recollidas no Artigo 17 da Política Pesqueira Común (PPC) con respecto aos criterios a aplicar para a repartición da cota dentro do Estado, xa que non está a ter en conta a economía local nin os niveis reais de pesca en Galiza, tal e como se vén pondo de manifesto nas mobilizacións que está a levar adiante o sector. **18**

O sector pesqueiro sinalou en Cangas as claves que AGE levará ao Parlamento Galego e Europeo

O 7 de novembro de 2015 tivo lugar unha xornada de análise sobre o sector pesqueiro articulada ao redor de oito mesas temáticas desenvolvidas por máis de quince representantes directos do sector. A grave situación de contaminación nas rías, a diminución de postos de traballo e a desigualdade de xénero foron algúns dos temas abordados. **19^{1/2}**



non está a facer». Tamén neste mes rexistramos unha pregunta parlamentaria dirixida á Comisión consultando se está disposta a valorar a repartición de cota por tripulante. **20^{1/2} (Arquivo)**

AGEe demanda á CE e ao Consello máis estudos sobre a biotoxina que afecta o marisqueo e as bateas

Desde AGEe trasladamos ás institucións europeas a consideración de que os datos acadados nos ditames científicos realizados pola Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria (EFSA) EFSA-Q-2006-065H, EFSA-Q-2006-065A, EFSA-Q-2006-065E, que determinaron as doses de referencia aguda (DRA) na inxestión de moluscos que puideran ser receptores de dinoflaxelados potencialmente tóxicos, poden non ser concluíntes para establecer unha inxestión diaria tolerábel (IDT) para os distintos tipos de biotoxinas mariñas asociadas ás nosas producións de moluscos, xa que as doses de referencia aguda (DRA) foron obtidas, segundo indican os informes, «cos medios cos que se dispuña no momento» e cunha mostra moi pequena, de só 5 países.



Lidia Senra expón as reivindicacións do sector do cerco na sesión plenaria do Parlamento Europeo

Durante a sesión plenaria de decembro de 2015 intervimos para trasladar que a repartición da cota por históricos «ameaza a supervivencia das 1.200 familias que dependen destes barcos, provocando ademais a destrución de milleiros de postos de traballo indirectos e pondo en risco o futuro das comarcas costeiras galegas». O sector reclama xustiza, unha repartición non discriminatoria das cotas «e que esta se faga en función dos tripulantes de cada barco». «Os homes e as mulleres do cerco –recalcou a eurodeputada galega– esixen que desde as institucións europeas se garanta que o Goberno español teña en conta criterios socioeconómicos á hora da repartición das cotas, tal e como establece o Artigo 17 da Política Pesqueira Común, cousa que

Dereitos humanos e sociais



Xornadas informativas pola renda básica universal

14 e 15 de novembro de 2014 na Casa Común dos Tilos (Teo). Coa participación de Daniel Raventós, profesor do Departamento de Teoría Sociolóxica, Filosofía do Dereito e Metodoloxía das Ciencias Sociais na facultade de Economía e Empresa da Universidade de Barcelona; a educadora social Eva López Soto, activista da Oficina de Dereitos Sociais de Coia (ODS Coia); o membro da coordinadora de colectivos sociais Baladre, Manolo Sáez; Ignacio Iglesias, concelleiro de Benestar Social en Teo; Beatriz Lorenzo, activista social da ODS Coia; José Antonio Ramírez, mediador social e membro dos colectivos Encontro e Boa Vida; e Leticia Castro, educadora social no ámbito da exclusión. **21**

Lidia Senra abandona o hemiciclo como protesta pola visita do Papa ao Parlamento Europeo e en reivindicación da laicidade das institucións públicas e dos Estados

25 de novembro de 2014. **22^{1/2}**



Denunciamos o servilismo das políticas da UE ao sector privado

Intervención en sesión plenaria (27 de novembro de 2014) para denunciar que as políticas da UE «fan posíbel que as multinacionais rouben a riqueza dos pobos, impedindo que poidan desenvolver as súas agriculturas, ocupando as súas terras, impondo acordos comerciais que arruinan os pobos». «En Galiza, máis do 20% das nenas e nenos sofren malnutrición por mor das políticas da Troika», denunciou Senra, esixindo «a adopción de medidas urxentes que muden por completo as políticas neoliberais da UE». De entre estas medidas, a eurodeputada de AGEe salientou a necesidade de «instaurar políticas agrícolas e alimentarias no marco da soberanía alimentaria», é dicir, establecidas partindo do dereito dos pobos a decidir sobre as súas propias políticas agrarias e alimentarias, pondo no centro a produción labrega en base ao modelo agroecolóxico.

Criticamos a ausencia de medidas sociais no Plan Juncker

O 16 de decembro de 2014 Senra recriminou a Juncker en sesión plenaria non ter valorado como prioritarias no seu plan de traballo para 2015 as medidas sociais. Interpelouno por non incluír medidas contra a violencia machista, malia que na Unión Europea sófrena unha de cada tres mulleres e criticou a ausencia de medidas contra os desafiuzamentos e en favor do mantemento dos servizos públicos básicos.



Demandamos medidas sociais e renda básica universal europea

Durante a presentación da Presidencia letona do Consello Europeo para o primeiro semestre de 2015, realizada o 14 de xaneiro do ano 2015 na sesión plenaria do Parlamento Europeo (PE) en Estrasburgo, a eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda denunciou na súa intervención a ausencia de medidas específicas para os pobos do sur da Unión Europea (UE) no programa de actividades dado a coñecer pola nova presidenta, a primeira ministra letona Laimdota Straujuma. Tamén apostou pola creación dunha Renda Básica Universal europea e criticou que a UE apoie que a especulación e a Troika estean por riba dos dereitos das persoas.

O Castelo de Monterrei, patrimonio da cidadanía

AGEe rexistrou no mes de febreiro de 2015 unha pregunta dirixida á Comisión Europea para que se pronunciara sobre o uso hoteleiro que a Xunta quere facer do Castelo de Monterrei. «Non podemos permitir que a cultura, o noso patrimonio, sexa secuestrado en favor das elites económicas», subliñou Senra. **23**

Lidia Senra denuncia diante da Comisión Europea a restrición de dereitos fundamentais que supón a «Lei Mordaza»

O 27 de febreiro de 2015 rexistramos unha pregunta pondo en coñecemento da CE que mesmo relatores membros do maior órgano de expertos/as independentes da Organización de Nacións Unidas (ONU) para a investigación e seguimento do respecto aos Dereitos Humanos (DDHH), pediron a retirada da proposta de lei do proxecto de Reforma do Código Penal en materia de delitos de terrorismo, aprobada no Congreso o 19 de febreiro de 2015 a través do procedemento «de urxencia». Senra quixo chamar tamén a atención da Comisión sobre o Informe 2014/2015 de Amnistía Internacional, resaltando que esta organización pola defensa dos DDHH «manifesta a súa preocupación polas dificultades para exercer a liberdade de reunión no Estado español e polo emprego excesivo da forza por parte da policía dirixida desde o Ministerio de Interior». Ademais, a eurodeputada de AGEe criticou o feito de que esta reforma do Código penal converta en ‘delito’ moitas das accións anteriormente consideradas ‘falta’, perseguindo a liberdade de expresión e establecendo

novamente a cadea perpetua baixo o eufemismo de ‘pena de prisión permanente revisábel’.

Xornadas «As áreas de alta montaña na unión europea: Unha perspectiva desde a esquerda»

Realizadas o 28 de febreiro e 1 de marzo de 2015 na Casa da Cultura de Becerreá (Lugo), denunciaron que as áreas de montaña teñen sido sempre as grandes esquecidas de todo tipo de políticas, procurando abrir un debate sobre cales deben ser, desde a perspectiva das persoas que residen nela, as políticas agrarias e sociais precisas para poder ter unha vida digna e gozar dos dereitos e acceder a servizos como calquera cidadá ou cidadán de Galiza. Dende AGEe temos claro que ningún País pode sobrevivir como tal se non lle presta atención ao seu medio rural e, máis concretamente, ás áreas de alta montaña. Estes espazos teñen un grande valor para a sociedade, do que ás veces non somos conscientes. É nestas zonas onde gardamos boa parte da nosa biodiversidade e para iso é fundamental que haxa persoas exercendo a actividade agraria, vivindo na zona, polo que cómpre facer políticas activas para que as persoas podan manterse e vivir na montaña, xa que se non hai persoas vivindo na montaña imos perder o seu valor social. **24**

Senra acusa á Comisión Europea de deseñar un marco enerxético ao servizo do enriquecemento privado

Durante a proposta dun marco estratéxico para a denominada Unión Enerxética europea realizada na sesión plenaria de finais de febreiro de 2015, Senra denunciou a intención da UE de alcanzar un mercado común enerxético liberalizado, sen barreiras legais nin físicas, «para que as grandes empresas enerxéticas sigan a facer o seu negocio, quedando en mans privadas, coa colaboración dos reguladores estatais, o control case exclusivo de algo tan vital como é a enerxía».

AGEe denuncia a vulneración do dereito á información e o ataque ás linguas minorizadas que supón a «Taxa Google»

A principios do mes de marzo de 2015 rexistramos unha pregunta parlamentaria dirixida á Comisión Europea (CE) co obxectivo de denunciar a vulneración

do dereito á información e o ataque ás linguas minorizadas que suporía a imposición do Canon AEDE no Estado español, máis coñecido como «Taxa Google». Esta pregunta foi elaborada despois de que representantes da Asociación Cultural Chuza! se puxeran en contacto con varias deputadas e deputados da Eurocámara a través dunha carta trasladándolles a súa preocupación. Senra puxo en coñecemento da CE que a reforma da Lei de Propiedade Intelectual estatal a través da cal sería aplicada esta taxa «provocaría que servizos de agregadores de noticias sen ánimo de lucro, como Chuza.org en Galiza, corran o risco de desaparecer sometidos á taxación arbitraria dun organismo privado».

Lidia Senra apela ao respecto das normativas que garanten os DDHH da poboación reclusa no Estado

Alternativa Galega de Esquerda en Europa (AGEe), como integrante do Grupo parlamentario de amizade con Euskal Herria (*Basque Friendship*), participou a través da súa eurodeputada Lidia Senra na conferencia convocada o 14 de marzo de 2015 no Parlamento Europeo por esta rede de apoio en conmemoración do quinto aniversario da Declaración de Bruxelas, iniciativa que constituíu o 29 de marzo do ano 2010 o primeiro apoio internacional ao denominado Proceso de Paz Vasco, sendo considerada a día de hoxe un dos elementos básicos do mesmo. Após a conferencia, tivo lugar a cargo do músico Fermín Muguruza e da eurodeputada do Sinn Féin Martina Anderson a presentación da iniciativa «Declaración Internacional pola Liberdade de Arnaldo Otegi, presos/as vascos/as á casa», promovida por múltiples referentes internacionais como o ex-presidente urguaiño Pepe Mujica e a senadora Lucía Topolansky, o ex-presidente paraguaiño Fernando Lugo, a ex-dirixente do Partido Comunista dos EEUU Angela Davis, o actual presidente do Sinn Féin, Gerry Adams, o Premio Nobel da Paz (1980) Aldofo Pérez Esquivel, a Premio Nobel da Paz (1976) e cofundadora de *Women for Peace* Mairead Maguire, a integrante da Organización para a Liberación de Palestina (OLP) Leila Khaled, a política e escritora kurda Leyla Zana –a primeira muller kurda en converterse en membro do parlamento turco–, o intelectual paquistaní e editor da «New Left Review» Tariq Ali ou o popular sociólogo eslovaco Slavoj Žižek. **25**





26



27



28

Participamos nas mobilizacións contra o Banco Central Europeo en Frankfurt

A través da coordinación internacional de múltiples organizacións sociais e políticas lideradas pola rede Blockupy, convocáronse para o 17 e 18 de marzo de 2015 dúas xornadas de mobilizacións contra o Banco Central Europeo en Frankfurt, nas que participou Lidia Senra. A eurodeputada galega cualificou de «intolerábel» que unha institución como o Banco Central Europeo, non elixida por ninguén e que escapa ao control da cidadanía, «teña o poder de condicionar as nosas vidas no día a día impondo políticas de axuste que levan ao desmantelamento



29^{1/2}

e á privatización de servizos públicos como a sanidade e o ensino, á destrución de empregos en todos os sectores e actividades produtivas, aos desafuzamentos e a un longo e doloroso ‘etcétera’». **26**

«Queremos un proceso constituínte que garanta o dereito dos pobos a decidir»

A eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda en Europa (AGEE), Lidia Senra, rexeitou entrevistarse co monarca español Felipe VI durante a visita que este realizou ao Parlamento Europeo o 15 de abril de 2015, xuntanza solicitada desde a *Representación Permanente de España ante la Unión Europea*. «O actual xefe do Estado non foi elixido por ninguén. En pleno século XXI non ten ningunha xustificación que a xefatura do Estado sexa transmitida por herdanza. É un completo anacronismo», valorou a eurodeputada de AGEe. «Como nacionalista galega», proseguíu, «desde o Parlamento Europeo teño a responsabilidade de loitar para que a nosa nación poida decidir en pé de igualdade con outros pobos o modelo de Europa que queremos, un modelo que ten que garantir os dereitos da sociedade en xeral e das clases populares en particular, recoñecendo e garantindo tamén especificamente os dereitos das mulleres e resolvendo a actual situación de desigualdade; un modelo desde logo moi afastado do que actualmente representa Felipe VI».

Participación na manifestación na defensa da lingua galega

17 de maio de 2015.

«A auga: Un dereito humano»

O 6 de xuño realizamos en Santiago de Compostela a xornada «A auga: un dereito humano», co obxectivo de analizar, debater e pór en común estratexias para loitarmos contra a privatización dun ben fundamental para todas e todos nós como é a auga. Ademais de abordar a situación da xestión da auga en Galiza, contamos coas experiencias de persoas que participaron en loitas contra a privatización da auga en Grecia, Irlanda e Portugal, entre outros. **27**

Senra: «O informe dos 5 presidentes significa afondar na consolidación da axenda neoliberal»

O 22 de xuño de 2015 os presidentes da Comisión Europea, Jean-Claude Juncker; do Cumio do Euro, Donald Tusk; do Eurogrupo, Jeroen Dijsselbloem; do Banco Central Europeo, Mario Draghi; e do Parlamento Europeo, Martin Schulz, fixeron público o informe Realizar a Unión Económica e Monetaria europea. Este texto, en total consonancia co neoliberal Plan Juncker –o Fondo Europeo de Inversións Estratéxicas (FEIE)–, avoga por afondar na Unión Económica e Monetaria (UEM) a partir do vindeiro 1 de xullo a través dun proceso que propoñen completar antes de 2025. Lidia Senra valorou como «especialmente preocupante» o feito de que o Fondo Europeo de Inversións Estratéxicas, «independentemente de como o estea a vender a Comisión Europea», o que está a procurar é fixar e asentar a polémica fórmula das dinámicas de colaboración público-privadas, «que adoitan saír ao final moito máis caras para o erario público que o investimento público directo, xa que a cidadanía se ve na obriga de asegurar a ganancia privada, é dicir, socialízanse as perdas potenciais pero privatízanse as ganancias, como acontece por exemplo co proxecto Castor no Estado español». Ademais, cómpre lembrar que, segundo se especifica no Plan Juncker, a selección de proxectos levados adiante baixo esta fórmula, en troques de ser realizada por institucións públicas, será decidida polos denominados «expertos/as», «que sempre responden aos intereses da industria privada», matizou a eurodeputada galega. **28 (Arquivo)**

«Os desafuzamentos e as «preferentes» evidencian a convivencia entre poderes políticos e financeiros»

En resposta a unha pregunta oral emitida pola Comisión de Peticións do PE, a Comisión Europea tívose que pronunciar o 5 de outubro de 2015 sobre os abusos bancarios cometidos no Estado español, nomeadamente sobre a estafa das participacións preferentes e a vaga de desafuzamentos «que evidenciou a obscena convivencia entre poderes públicos e financeiros no Estado español», salientou a eurodeputada Lidia Senra. O brutal ataque ao dereito á vivenda baixo a desculpa da crise económico-financiera, «normalizou para o Estado actitudes de enorme violencia, como é deixar a unha familia na rúa ou xerar situacións de vulnerabilidade tan extrema que leva ás propias persoas afectadas a suicidarse», salientou Senra, ao tempo que deixou claro que «o goberno do Estado está disposto a actuar con contundencia para defender os intereses das institucións bancarias por riba dos propios dereitos humanos e das leis do Estado». Esta situación de crise social provocada pola depredación financeira «situou a realidade da tremenda desprotección a que está exposta a cidadanía», alertou a eurodeputada de AGEe; «o poder está disposto a criminalizar a solidariedade, como temos visto tantas veces nos vergoñentos desafuzamentos, e tampouco lle vai tremer a man en amedrentar con multas a anciás e anciáns que sabe que foron interesadamente estafados polas institucións bancarias».

Lidia Senra abandonou o hemiciclo do Parlamento Europeo antes da alocución de Felipe VI

Con esta acción simbólica ao fío dos trinta anos da incorporación do Estado español á UE, desde AGEe quixemos manifestar o pasado 7 de outubro de 2015 «o noso rexeitamento a un Estado que non recoñece o dereito dos pobos que conforman a súa realidade plurinacional». O Estado español, concretou Senra, «non recoñece nin permite» que o pobo galego «poida decidir libremente sobre o seu futuro». Despois de trinta anos de pertenza á Unión Europea, proseguíu Senra, «hai un retroceso grande nos dereitos humanos, como no dereito á vivenda, á saúde ou ao ensino»; ademais, salientou, «tamén sufrimos un retroceso nos dereitos das mulleres, con leis que vulneran a nosa autonomía». **29^{1/2}**



A esquerda europea analizou en Compostela a ditadura do euro e debateu propostas para facerlle fronte

O sábado 21 de novembro de 2015 representantes do Sinn Féin irlandés, do Bloco de Esquerdas de Portugal, de Unidade Popular de Grecia ou do Die Linke alemán, académicos/as e activistas como Yolanda Jubeto, Joan Tafalla e Ramón Franquesa, así como o Portavoz Nacional de Anova-IN e Portavoz de AGE no Parlamento Galego, Xosé Manuel Beiras, o deputado de Anova Antón Sánchez e a eurodeputada Lidia Senra someteron a debate e análise as políticas económicas que o neoliberalismo está a aplicar coa escusa da crise, debullando o que realmente se agocha detrás das medidas de «austeridade» e pondo enriba da mesa os eixos que garanten a defensa dos dereitos das persoas por diante dos intereses do Capital. **30^{1/2}**

Senra insta a Unión Europea a reconecer que o euro «foi unha estafa para os pobos do Sur da UE»

Durante o debate en sesión plenaria do mes de decembro de 2015 do informe Realizar a Unión Económica e Monetaria Europea, publicado polos denominados «cinco presidentes» o 22 de xuño, a deputada de AGEe instou na Eurocámara a garantir «unha ensinanza e unha sanidade públicas, gratuítas, de calidade e de acceso universal», así como a «liberar os pobos da obriga de dar prioridade ao pagamento da débeda». «De todo isto esperabamos falar hoxe», reprochou, «non obstante, vostedes seguen a falar de propostas para as corporacións transnacionais e a Banca e en contra das persoas».

O GUE-NGL solidarízase ca poboación migrante e protesta polas políticas da UE

De xeito constante dende o inicio da lexislatura, o grupo da Esquerda Verde Nórdica-Esquerda Unitaria Europea vense manifestando en denuncia dos intolerábeis naufraxios no Mediterráneo e as vergoñentas políticas migratorias da Unión Europea. **31^{1/2}**

Mulleres



Congreso «Ruptura democrática. Procesos constituintes. Patriarcado»

Do 7 ao 9 de novembro de 2014. Un encontro para definir a posición das mulleres nos procesos constituintes e as medias de despatriarcalización que deberían recoller estes procesos en tránsito cara á ruptura democrática. Contou coa participación da socióloga ecuatoriana Irene León –asesora do Ministro de Relacións Exteriores de Ecuador– e da deputada na Asemblea Lexislativa do Estado Plurinacional de Bolivia Marianela Paco Durán. **32**

Acción do GUE/NGL contra a violencia machista

Con motivo do 25 de novembro (2014), Día Internacional contra a Violencia Machista, o Grupo Confederal da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL) –a día de hoxe o único grupo con paridade de xénero no Parlamento–, no cal está integrada a Alternativa Galega de Esquerda (AGEe), puxo en marcha unha acción de denuncia fóra do hemiciclo antes da realización da intervención plenaria relativa á loita contra a violencia machista. **33**



Día Internacional das Mulleres: Feminismo para avanzar. Xuntas nunha mesma loita

Aproveitamos a conmemoración do 8 de Marzo de 2015, Día Internacional das Mulleres, para subliñar a través dun comunicado a importancia determinante do feminismo e da articulación das mulleres en redes de apoio social como un dos nosos logros máis grandes e como ferramentas fundamentais coas que camiñar cara á destrución do patriarcado capitalista e, en xeral, da lacra social que supón o machismo. Tamén lembramos que, como sinalou o Parlamento Europeo nunha resolución aprobada en marzo do ano 2013, situacións de crise social como a que estamos a vivir desde o ano 2008 no sur de Europa favorecen o acoso, abuso e violencia machista en todas as súas formas, sendo ademais as mulleres e as nenas e nenos quen sofre as consecuencias máis duras dos recortes en políticas públicas e sociais. A eurodeputada de AGEe asistiu á manifestación convocada en Compostela polo movemento feminista galego.

Senra: «O bloqueo da directiva de maternidade é un ataque directo á nosa soberanía como mulleres»

En outubro de 2010 o Parlamento Europeo votou a favor de ampliar o permiso por maternidade do mínimo de 14 ao mínimo de 20 semanas, con dereito a recibir o salario íntegro. É a Directiva 92/85/CEE, máis coñecida como «Directiva de Maternidade». No entanto, os gobernos dos Estados membros, representados no Consello Europeo –xefes/as de

Estado, Presidente da Comisión Europea e Presidente do Consello Europeo–, mantéñena bloqueada aínda a día de hoxe, case cinco anos despois, polo que a propia Comisión anunciou a finais de 2014 a súa intención de retirala. Diante desta situación, desde a Comisión de Dereitos da Muller e Igualdade de Xénero do Parlamento Europeo impulsouse unha resolución para instar os Estados a retomar as negociacións e fixar as súas posicións, documento aprobado o 20 de maio de 2015 polo Pleno do Parlamento Europeo con 419 votos a favor –incluído o de AGEe–, 97 en contra e 161 abstencións. A eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda en Europa amosouse positiva por este paso adiante cara ao desbloqueo, xa que «as mulleres conseguimos facer deste obxectivo un obxectivo de todo o Parlamento», mais quixo chamar a atención sobre o feito de que o bloqueo concreto desta Directiva «é tremendamente significativo porque nos dá unha proba clarísima do carácter estrutural do machismo nas sociedades actuais, incluída a europea, que tanto se gaba de ser defensora dos dereitos e liberdades». **34**

Loita social, vixilancia sobre as institucións e feminismo para pasar das estratexias á realidade

Na mañá do 9 de xuño de 2015 votouse en sesión plenaria do Parlamento Europeo a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes despois de 2015, un chamamento á Comisión para adoptar unha nova estratexia de igualdade independente para os dereitos das mulleres e a igualdade de xénero destinada a «crear a igualdade de oportunidades e pór fin a todas as formas de discriminación». O texto aprobado, tamén co apoio de Alternativa Galega de Esquerda en Europa (AGEe), fai fincapé na necesidade de «pór fin a todas as formas de discriminación que sofren as mulleres no mercado laboral con respecto aos salarios, as pensións, a toma de decisións, o acceso aos bens e servizos ou á conciliación da vida familiar e laboral», subliñando tamén a necesidade de articular coordinadamente medidas contundentes contra a violencia machista a nivel da UE. A eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda en Europa (AGEe) valorou positivamente a aprobación deste documento sinalando que é «unha ferramenta máis para seguirmos loitando, como sociedade, contra o machismo», mais advertindo que «non é a primeira vez que se consensúan posicionamentos que despois só quedan no papel». Para Senra, «só coa loita e a presión que poidamos facer socialmente, nas rúas, coa nosa acción diaria,

coa nosa vixilancia sobre as institucións, mantendo fortes as reivindicacións do feminismo, lograremos que estratexias como a aprobada hoxe deixen de ser só palabras e se convertan nunha realidade». **35**

Austeridade e violencia machista, exemplo do desleixo da UE e dos Estados en materia de igualdade

Á primeira hora do día 8 de outubro de 2015 o Parlamento Europeo debateu un informe sobre a aplicación do principio de igualdade de oportunidades e trato entre homes e mulleres naqueles eidos vinculados ao emprego e á actividade profesional, relativo á Directiva 2006/54/CE do PE e do Consello. Lidia Senra centrou a súa intervención en sinalar as responsabilidades políticas na dinamización e posta en marcha de medidas pro-igualdade, incidindo en que a brecha salarial, as políticas de austeridade e a violencia machista «son o claro exemplo do pouco que están a facer as institucións, tanto nos Estados membro como na UE, para pór en práctica esas políticas de igualdade e de prevención de violencia contra as mulleres», que aínda que «moitas veces son insuficientes», recalcou, «existen».

Colectivos de mulleres galegas trazan no Parlamento Europeo medidas para facer fronte á violencia machista

O 18 de decembro de 2015 seis relatoras especializadas achegaron claves para detectar e afrontar a violencia machista estrutural presente na aplicación das políticas públicas. Foi no marco do seminario «O nesgo machista na aplicación das políticas: o caso da xustiza», organizado por AGEe. Máis dunha trintena de galegas pertencentes a varios colectivos de mulleres e menores que traballan día a día para acabar coa violencia machista achegáronse a esta xornada no Parlamento Europeo (PE) en Bruxelas convidadas por Senra. Preguntas parlamentarias á CE e o rexistro dunha demanda ao Estado español a través da Comisión de Peticións do PE foron as seguintes accións postas en marcha. **36^{1/2/}**

Reivindicación do GUE/NGL do dereito das mulleres a decidir sobre os seus propios corpos **36³**

Lidia Senra denuncia ante a Comisión Europea (CE) as deficiencias na atención sanitaria do HULA

O 23 de febreiro de 2015 rexistramos unha pregunta parlamentaria a respecto da negativa da Xunta de Galicia a manter en funcionamento as 24 horas do día os servizos de hemodinámica, radioterapia e medicina nuclear no Hospital Lucus Augusti de Lugo (HULA), «imprescindíbeis para salvar vidas e para que as persoas que precisan estes servizos sanitarios poidan ter unha atención de calidade e proximidade», lembrou a eurodeputada de AGEe no texto dirixido á Comisión.

Contra os recortes e as políticas de desmantelamento e privatización da sanidade pública

O 19 de marzo de 2015 emitimos unha nota de prensa para dar conta do apoio ás mobilizacións convocadas pola plataforma SOS Sanidade Pública en oito vilas e cidades galegas e expresar a nosa solidariedade coas catro persoas traballadoras de Povisa en folga de fame por mor das coaccións sufridas pola Xerencia do hospital. Desde Alternativa Galega de Esquerda en Europa denunciaremos «a estratexia de deterioro da Sanidade Pública coa que a Xunta de Galicia pretende empurrarnos á sanidade privada e converter a saúde no privilexio duns poucos», estratexia reflectida no recorte de orzamento sanitario do 12,3% –460 millóns de euros– imposto polo Goberno galego desde o ano 2009, o que supuxo a perda de 2.094 postos de traballo sanitario, ao tempo que desde a Xunta non se dubidou en destinar un escandaloso 48,8% dos fondos ao sector privado e só un 7,1% aos centros públicos. AGEe ten rexistrado distintas preguntas parlamentarias dirixidas á Comisión Europea a respecto de temas como as dificultades para o pagamento de medicamentos, o acceso restrinxido a medicamentos para persoas enfermas de hepatite ou o recorte de dereitos sociais a través da estratexia de «austeridade económica».

Denunciamos no pleno do Parlamento Europeo as deficiencias do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo

Lidia Senra sinalou o 5 de outubro de 2015 o centro hospitalario Álvaro Cunqueiro de Vigo como «un claro exemplo do caos e a precarización que implica a privatización da sanidade en Galiza». Asemade, ao fío das reivindicacións laborais levadas adiante por colectivos profesionais como o de enfermaría e celadores/as, Senra destacou a privatización «total» dos servizos non sanitarios e de parte das funcións das/os celadoras/es, que ten como consecuencia «unha perda de calidade moi grande nos servizos e tamén a supresión dun gran número de postos de traballo». Tamén deu a coñecer á Comisión a característica do polémico aparcadoiro privado, a través do que «se obriga a todas as persoas usuarias, e a unha parte do persoal, a pagar por estacionar os seus vehículos cando chegan ao hospital».

Ensino

Denunciamos diante da Comisión Europea e do Consello a precarización do ensino imposta polo Goberno do PP

En febreiro de 2015 rexistramos varias preguntas parlamentarias dirixidas á Comisión Europea (CE) e ao Consello de Ministros/as da UE denunciando a reforma educativa imposta polo Estado que está a precarizar o ensino público, ao tempo que «promove o ensino privado». Ademais, trasladamos ás institucións comunitarias que, no caso do «Decreto 3+2» imposto polo Partido Popular, «toda a comunidade universitaria afirma que esta reforma implica a elitización da universidade pública, o encarecemento do ensino superior e o despedimento masivo de profesorado».

Senra: «O Plan Boloña pon a universidade ao servizo do capital e actúa como barreira para as clases populares»

O 28 de abril de 2015 o Parlamento Europeo aprobou en sesión plenaria en Estrasburgo unha proposta de resolución presentada desde a Comisión de Cultura e Educación a modo de ferramenta de seguimento

e impulso da aplicación do Plan de Boloña. A eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda en Europa (AGEe), Lidia Senra, votou en contra deste informe e lembrou que a posta en marcha dos acordos de Boloña «traducíronse basicamente nunha liberalización do ensino superior, o aumento do custo dos estudos, a imposición de valores como o da competitividade e unha influencia cada vez maior da empresa privada, dando lugar ao establecemento dunha educación multivelocidade e á exclusión do estudantado con menos recursos».

Emprego


Cadea humana polo futuro de Ferrolterra

A eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda participou o sábado 13 de decembro de 2014 na cadea humana que tivo lugar en Ferrol na defensa dun futuro para a comarca de Ferrolterra. Desde AGEe demandamos para a comarca un plan de emprego que teña os seus alicerces –aproveitando o final do veto– na construción naval civil, nos estaleiros públicos e no saneamento e recuperación integral da ría. **37**



Traballadores de Lantero (Vilagarcía) e traballadoras de Cleanet (Ferrol) levan a denuncia dos seus respectivos conflitos laborais ao Parlamento Europeo

A eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda en Europa (AGEe) promoveu a intervención de representantes do persoal das empresas Lantero (Vilagarcía de Arousa) e Cleanet (Ferrol) o 3 e 4 de febreiro de 2015 no Parlamento Europeo (PE). Seis representantes de cada unha destas loitas laborais, en nome de todas as súas compañeiras e compañeiros, expuxeron diante do Grupo da Esquerda Verde Nórdica-Esquerda Unitaria Europea (GUE/NGL) as coaccións a que se están vendo sometidas por parte das súas respectivas empresas, as accións reivindicativas levadas adiante e as perspectivas de cara ao futuro. Tamén llo trasladaron a Serge



Le Gal, técnico da Dirección Xeral de Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión da Comisión Europea, e á eurodeputada Inês Zuber, coordinadora para o GUE/NGL da Comisión de Emprego e Asuntos Sociais do Parlamento Europeo (PE). «Estes dous colectivos achegaron ao Parlamento Europeo e á Comisión un importantísimo testemuño da situación de degradación dos dereitos sociais na que o goberno do Partido Popular, en conivencia coa Comisión Europea (CE), co Banco Central Europeo (BCE) e co Fondo Monetario Internacional (FMI), teñen afundido a Galiza e ao Estado español», salientou Senra, xa que «loitas como as levadas adiante por estas traballadoras e traballadores son unha in mellorable mostra da forza e dignidade coa que os pobos do Sur de Europa estamos a facer fronte aos ataques do Capital», concluíu a eurodeputada galega. **38 1/2**

«Alcoa, non podemos consentir nin un só despedimento»

Nun comunicado de prensa, a eurodeputada Lidia Senra cualifica de «intolerábel» a «chantaxe» que a empresa Alcoa na Coruña está a facer á sociedade, utilizando o persoal como «refén» na negociación.

Senra: «O lume non pode ser un negocio. Precisamos un operativo único, público e profesionalizado»

Na mañá do 28 de maio do 2015 un total de 17 bombeiras e bombeiros do Estado español –un deles de Galiza–, Grecia e Portugal denunciaron a través da xornada «Europa en chamas» – impulsada por Podemos, Syriza, Bloco de Esquerda e Esquerda Plural, onde AGEe está integrada– as graves eivas presentes nos servizos de extinción de incendios, nomeadamente no Sur de Europa. Lidia Senra, que moderou a mesa dedicada á análise da situación laboral dos bombeiros e bombeiras forestais, reivindicou posteriormente en rolda de prensa a necesidade do establecemento dun «operativo único, público e profesionalizado, con recoñecemento da categoría de bombeiro/a forestal para as persoas traballadoras e unha formación regulada e específica», unha situación que, lamentablemente, «en Galiza é totalmente a contraria; temos un sistema público-privado, con varias empresas ademais, mal coordinado entre si e que non presta suficiente atención á formación das persoas traballadoras que se enfrontan a algo tan perigoso como é o lume forestal». Realizamos tamén unha pregunta parlamentaria a través da cal puxemos en coñecemento da Comisión Europea (CE) as eivas en materia de seguridade laboral e acción coordinada de emerxencias denunciadas polo persoal dos parques comarcais de bombeiros privatizados en Galiza, que realizaron unha folga indefinida durante o ano 2015 en demanda da finalización da xestión privada dos servizos de emerxencia. **39 1/2**

Senra esixe á UE políticas que creen emprego apoiando e recuperando os sectores produtivos

A eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda en Europa reiterou en 2015, no marco do debate sobre o aceleramento da «Iniciativa Europea en favor da Xuventude», que en Galiza «máis de cen

mil mozas e mozos tiveron que emigrar para atopar traballo fóra do noso país». Outra gran parte da mocidade, proseguíu, «está a traballar nunha situación de precariedade tremenda que a converte en ‘traballadores e traballadoras pobres’, e outras moitas e moitos non tiveron nunca nin tan sequera a posibilidade de traballar». Desde Alternativa Galega de Esquerda en Europa demandamos unha actuación da política comunitaria «que vaia ao fondo do problema, sen eludir responsabilidades e coa conciencia de que este é un problema estrutural, intensificado por mor da inherente depredación social intrínseca ás políticas capitalistas neoliberais».

AGEe denuncia a precarización do persoal de Correos e a deterioración intencionada do servizo

A eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda en Europa mantivo o 24 de xuño de 2015 un encontro en Bruxelas con traballadores e traballadoras de Correos que realizan a repartición en zonas rurais para coñecer de primeira man as problemáticas deste servizo público e as condicións en que están as carteiras e os carteiros. Da totalidade das aproximadamente 2.000 persoas que traballan na repartición postal rural no Estado español, a metade traballan en Galiza, constituíndo unha profesión de gran proximidade coa cidadanía, sendo nalgúns casos quen manteñen un contacto máis periódico con persoas maiores que viven no rural ou persoas e familias que viven en zonas especialmente illadas. A eurodeputada de AGEe agradeceu a posibilidade de poder afondar na verdadeira situación na que se encontra este servizo público e salientou a importancia de estender esta reivindicación á cidadanía: «todas as persoas temos dereito á igualdade nas comunicacións, vivamos onde vivamos», lembrou, «temos que loitar con contundencia contra o desmantelamento dos servizos públicos se queremos ter un medio rural vivo». **40**



Denunciamos en Bruxelas a problemática do acaparamento de terras en Galiza

O 10 e 11 de decembro de 2014 máis de medio cento de representantes da loita pola defensa da terra intercambiaron información e estratexias. Posteriormente mantiveron unha xuntanza cun representante da Dirección Xeral de Medio Ambiente da Comisión Europea. Minaría, grandes infraestruturas, centros comerciais e explotación enerxética reveláronse as principais ameazas do acaparamento de terras en Galiza. As avaliacións ambientais foron identificadas como ferramenta para frear este ataque ao noso territorio. Interviron neste seminario, entre outras, a Associação Sócio-Cultural O Iríbio, a Comisión de asociacións en contra das minas da Terra Chá, a Plataforma pola defensa de Corcoesto e Bergantiños e a Plataforma Veciñal Corno do Monte e SOS Courel. Canda elas expuxeron os eixos principais das súas loitas organizacións como



o Sindicato Labrego Galego (SLG), a Organización Galega de Montes Veciñais en Man Común (OGMVMC), Salvemos A Fracha, Plataforma Contra a Autovía de Redondela ou a Coordinadora para a defensa da autovía Santiago-Lugo preto de Melide. **41 1/2**

Solicitamos a prohibición total do emprego de cianuro na minaría

Lidia Senra asinou xunto a 18 eurodeputadas/os unha carta dirixida no mes de decembro de 2014 a Karmenu Vella, comisario europeo de Medio Ambiente, Asuntos Marítimos e Pesca, esixindo a prohibición total do emprego de cianuro nas actividades mineiras e lembrándolle ao comisario a pertinencia de aplicar a resolución aprobada por maioría no Parlamento Europeo o 5 de maio do ano 2010 (RC-B7-0238/2010).

A Comisión Europea confirmamos que está a investigar o posíbel incumprimento da Directiva europea sobre tratamento de augas na ría de Ferrol

En resposta a unha pregunta rexistrada por AGEe, a Comisión confirmou que está a investigar o posíbel incumprimento por parte do Estado español dos requisitos sobre o tratamento de augas residuais establecidos na Directiva 91/271/CE en relación ás «aglomeracións urbanas» Ferrol-Narón e Ares-Mugardos-Fene. Nos últimos anos a Comisión Europea ten iniciado varios procedementos de infracción contra o Estado español, sendo determinado polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea o incumprimento da Directiva sobre moluscos no ano 2005 (Asunto C-26/04) e no ano 2011, a Directiva sobre o tratamento de augas residuais (Asunto C- 343/10) e a Directiva Marco sobre o auga (Asunto C403/11).

Lidia Senra insiste á CE na denuncia de agresión medioambiental no Tea por obras financiadas pola UE

Alternativa Galega de Esquerda en Europa (AGEe) dirixiuse a principios de xuño de 2015 á Comisión Europea (CE) a través de dúas preguntas escritas para interpelala sobre as condicións nas que se están a construír varias sendas fluviais á beira do río Tea (comarca do Condado, Pontevedra), a través dunha obra financiada con orzamento comunitario. Esta solicitude de información realizouse en traballo conxunto co Grupo Ecoloxista ADENCO, que xa no ano 2014 se dirixiu á Dirección Xeral de Medio Ambiente da Comisión Europea para denunciar os «impactos ambientais e patrimoniais» que obras sostidas con financiamento europeo estaban a producir no Lugar de Importancia Comunitaria Río Tea (LIC TEA).

Cuestionamos o financiamento público europeo da planta de Reganosa en Ferrol

O 24 de setembro de 2015 rexistramos unha pregunta parlamentaria dirixida á Comisión Europea pódooa en coñecemento da indignantemente negligente localización da planta de Reganosa, localizada a menos de 200 m do centro urbano de Meha, a 800 m do arsenal militar, a 900 m do núcleo de Mugardos

e xunto ao complexo petroquímico de Forestal do Atlántico. Unha instalación que almacena preto de 300.000 m³ de combustíbel e produtos químicos, «superando en 85.000 veces a potencia da explosión máis forte das acontecidas en Tianjin no mes de agosto de 2015».

Colectivos denuncian diante da Comisión Europea o desleixo das Administracións nas rías e ríos de Galiza

Integrantes do Comité de Emerxencia da Ría de Ferrol, a Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra, a Plataforma de Defensa do RíoBaa, SOS Río Miño, Agrupación de Mariscadoras a Pé da Confraría de Pescadores de San Telmo de Pontevedra, Plataforma Sarriana polo Río, Plataforma de Cospeito, Asociación pola Defensa do Parque Rosalía de Lugo , Asociación Xentes de Mar Viva, Comunidade de Montes en Man Común de Lourizán, Umia Vivo, Asociación polo Saneamento da Ría de Pontevedra, Cooperativa Arpermar, Plataforma pola Defensa dos Camiños, Plataforma Praceres e representantes do sector acuícola de Burela e artes menores de Narón expuxeron o 2 de decembro de 2015 no Parlamento Europeo (Bruxelas) as súas experiencias de loita e denuncia da contaminación das rías e ríos galegos. As 18 persoas integrantes desta delegación galega mantiveron unha xuntanza coa eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda en Europa na que procederon a realizar unha primeira posta en común das problemáticas derivadas da contaminación das rías e ríos galegos, «unha cuestión de importante impacto para o noso país, tanto a nivel medioambiental como social e produtivo», valora a eurodeputada galega, «unha información que para AGEe é moi importante coñecer de primeira man de cara a poder levar esta problemática ao Parlamento Europeo, por exemplo a través de preguntas parlamentarias». Posteriormente trasladáronlle a Jose Manuel Servert, pertencente á Dirección Xeral de Medio Ambiente da CE na unidade adicada ao seguimento de infraccións e cuestións xurídicas, as reivindicacións principais de cada unha das organizacións. A falta de control das Administracións, a contaminación vertida por empresas ou a lentitude da Xustiza foron algúns dos principais problemas que se puxeron sobre a mesa. Valorouse tamén a posibilidade de levar adiante accións conxuntas a nivel nacional e AGEe rexistrou preguntas a respecto dos distintos casos. **42 1/2**



Contra o comercio de especies protexidas

O 15 de decembro de 2014 Lída Senra denunciou na sesión plenaria do PE que o comercio de especies protexidas se realiza ao abeiro da demanda da UE. Esixiu «ferramentas eficaces» que impidan que estas especies se convertan en invasoras nos países de destino e condenou o emprego de especies animais e vexetais protexidas por parte da grande industria farmacéutica.

Eurodeputadas e eurodeputados asinan o manifesto «Europa mellor sen touradas», impulsado desde Galiza

A finais do mes de maio de 2015 a eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda en Europa (AGEe), Lída Senra, remitiu unha comunicación ao Comisario de Agricultura e Desenvolvemento Rural da Unión Europea, PhilHogan, trasladándolle un manifesto asinado por 51 eurodeputadas e eurodeputados de todos os grupos políticos en demanda da finalización de «todas as axudas destinadas ás touradas e á industria xerada ao redor dun espectáculo baseado nos malos tratos e na violencia sobre os animais». Senra, impulsora desta iniciativa xunto á plataforma «Galicia, Mellor Sen Touradas» e a Fundación FranzWeber, valora que a acollida que este manifesto tivo entre as eurodeputadas e eurodeputados «é unha boa mostra de que a conciencia e o rexeitamento á violencia e á tortura que supoñen as touradas vai alén de posicionamentos políticos». **43**

AGEe denuncia diante da Comisión Europea o proxecto da A-57 e solicita un pronunciamento a respecto das súas consecuencias

O 19 de marzo de 2015 rexistramos unha pregunta parlamentaria escrita con solicitude de resposta dirixida á Comisión Europea (CE) o respecto da intención do Goberno español de levar adiante a construción da autoestrada A-57, orzada en máis de 1.000 millóns de euros para apenas 64 km de infraestrutura, proxecto que aínda por riba non mellora a accesibilidade das áreas polas que transcorrería ao tratarse dun corredor norte-sur paralelo á propia autoestrada AP-9, polémica por seguir xestionada por unha empresa privada malia estar xa máis que amortizada despois de 30 anos de funcionamento do seu tramo principal (A Coruña-Vigo). Como nos trasladaron no pasado mes de decembro de 2014 as voceiras da plataforma veciñal Salvemos A Fracha, María Blanca Barrio e Cruz Villaverde, durante a súa participación en Bruxelas no encontro «Acaparamento de terras en Galiza» convocado pola deputada de AGEe, este tramo da A-57 «separaría Pontevedra da serra da Fracha e do monte Loureda, un espazo natural de lecer e prácticas deportivas á disposición da cidadanía» e, ademais, este proxecto «tampouco ten en conta o patrimonio histórico e arqueolóxico, como o Castro da Farexa-Coto Loureiro ou a mámoa e o petróglifo da Román, e pasaría por riba de vías históricas como a Vía Romana XIX, o Camiño Real ou mesmo o Camiño de Santiago Portugués».

Senra leva á Comisión Europea a alerta polas eivas en seguridade das novas liñas do Eixo Atlántico

A eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda en Europa (AGEe), Lída Senra, puxo no mes de maio de 2015 en coñecemento da Comisión Europea o precedente do trágico accidente ferroviario vivido en Galiza o 24 de xullo de 2013, no que faleceron oitenta persoas e máis de cen resultaron feridas. No seu escrito, a eurodeputada galega alertou a Comisión de que malia que os peritos e especialistas que analizaron o accidente de Angrois «afirmaron que este se tería evitado de ter instalado e activo o sistema RTMS,

como establecía o proxecto inicial», apenas un par de anos máis tarde os Gobernos galego e español non dubidaron en pór en funcionamento un servizo de transporte potencialmente perigoso para a cidadanía.

Tratados de libre comercio



Informamos sobre as consecuencias dos tratados de libre comercio na agricultura

O 9 de decembro de 2014 Lída Senra coordinou en Bruxelas co eurodeputado do Sinn Féin Matt Carthy un obradoiro de agricultura contra os tratados de libre comercio (TTIP, CETA). **44**

Ningunha Denominación de Orixe Galega estará protexida en Canadá baixo o CETA

O 3 de setembro de 2014, nunha reunión da Comisión de Agricultura do Parlamento Europeo, a Dirección

Xeral de Agricultura da Comisión Europea presentou información, a porta pechada, sobre a fase na que se atopaban os diversos acordos comerciais en curso de negociación con países e grupos de países. A responsábel da DX de Agricultura asegurou que no caso do Acordo Económico e Comercial Global –coñecido como CETA polas súas siglas en inglés– estaba garantizada a protección de 155 denominacións de orixe (DO's) de toda la Unión Europea. A través dunha pregunta parlamentaria dirixida á Comisión solicitamos información sobre cales serían as DO's galegas protexidas. Respostaron que destas 145 DO's, 23 son do Estado español, pero ningunha galega, se ben indicaron tamén que Canadá aceptou na negociación que esta lista puidera ser ampliada no futuro.

Repercusións do tratado de liberalización comercial UE-Canadá (CETA) no sector de vacún de carne

A principios de outubro de 2014 solicitamos á Comisión Europea información sobre as repercusións concretas que no sector de bovino de carne terá o acordo comercial negociado entre a UE e Canadá (CETA). A Comisión admitiu que a UE abrirá progresivamente durante cinco anos un continxente arancelario de 45.838 toneladas de carne de vacún, das cales 30.838 toneladas serán de carne fresca (0,6 % del total anual de la producción). Pola súa banda Canadá liberalizouna por completo.

Día Internacional da Loita Labrega: Contra os tratados de libre comercio e pola soberanía alimentaria

O 17 de abril, Día Internacional da Loita Labrega, foi elixido no ano 2015 como data para visibilizar a oposición do pequeno e mediano campesiñado aos Tratados de Libre Comercio (TLC's) – nomeadamente, contra o *Transatlantic Trade and Investment Partnership* (TTIP)– e a loita na defensa da soberanía alimentaria dos pobos. A eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda en Europa (AGEe), Lída Senra, subliñou a importancia de dar a coñecer a loita contra o TTIP, xa que «aos labregos e labregas vains a vida neste tratado», posto que «na medida en que estes tratados van adiante, os prezos dos nosos produtos caen», acelerando a destrución do pequeno e mediano campesiñado. **45 (Arquivo)**



Davide Rodríguez, alcalde de manzaneda: «Hai que devolver ao pobo os servizos que o capitalismo está privatizando»

No marco da xuntanza «Reformas territoriais, austeridade e tratados de libre comercio: Que alternativas? Que alianzas?», convocada pola Rede de Autoridades Locais Progresistas de Europa (REALPE) e o Grupo da Esquerda Unitaria Europea-Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL) –no que Alternativa Galega de Esquerda en Europa (AGEe) está integrada–, o alcalde de Manzaneda, Davide Rodríguez (ANOVA Irmandade Nacionalista), expuxo o 23 de abril de 2015 no Parlamento Europeo en Bruxelas unha análise en clave galega sobre o impacto a nivel municipal da aplicación das medidas de austeridade impostas pola Troika, facendo fincapé en propostas de traballo e acción coas que enfrontar o capitalismo neoliberal desde o ámbito local. Para ilustrar as estratexias de loita contra a privatización e a prol da remunicipalización dos servizos públicos en Galiza, Davide Rodríguez deu a coñecer en Bruxelas o exemplo paradigmático do Colexio de Educación Infantil e Primaria (CEIP) de Manzaneda, un centro escolar onde estudan 23 nenos e nenas, no que no ano 2015 a Consellería de Educación pretendeu suprimir o servizo de comedor «para traer un *catering* desde unha cidade que está a 200 km de Manzaneda», adxudicándollo ademais á empresa Serunión, nestes momentos investigada pola Fiscalía após ter sido denunciada tras térense detectado larvas de vermes na comida subministrada en distintos comedores escolares. Fronte a esta situación, «desde o propio Concello, con moita presión social e moito apoio político, conseguimos remunicipalizar outra vez o servizo», relatou, «e agora as nosas nenas e nenos están comendo comida de calidade, cociñada *in situ* e con produtos mercados na nosa terra». **46**

Unha marea contra o TTIP

A eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda en Europa (AGEe), Lidia Senra, deu a coñecer o 9 de xuño de 2015 en rolda de prensa, xunto con outras eurodeputadas e eurodeputados da esquerda estatal, o manifesto «UNHA MAREA CONTRA O TTIP», unha comparecencia marcada polo anuncio, apenas uns minutos antes, da suspensión da votación do informe de recomendacións do Parlamento Europeo á Comisión Europea relativas ás negociacións da Asociación Transatlántica de Comercio e Inversión (ATCI) –máis coñecido como o TTIP (Transatlantic Trade and Investment Partnership)–, elaborado



pola Comisión de Comercio Internacional do Parlamento Europeo e prevista para o día seguinte. A eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda en Europa cualificou de «escándalo» e «auténtica burla aos milleiros de cidadáns e cidadás que tiñan postas as súas expectativas no debate» a paralización deste debate. **47**


Senra: «A sala de documentos confidenciais do TTIP é unha pantomima que se viron obrigados a habilitar»

Unha sala pequena, dous flexos, unha mesa, dúas cadeiras, tres caixas fortes. Así é a polémica estancia onde o Parlamento Europeo permite a revisión de 70 dos documentos «non oficiais» das negociacións do *Transatlantic Trade and Investment Partnership* (TTIP), na que Lidia Senra entrou por primeira vez o 23 de xuño de 2015. As dúas horas de tempo estipuladas para acceder á sala de lectura do TTIP deron só para revisar catro dos dezasete documentos solicitados. Abondou para saír coas ideas claras: «non houbo nada que reducira un ápice a grande preocupación que tiña antes de entrar; o que atopei vai na liña do que xa sabemos e estamos denunciando», valorou a eurodeputada de AGEe. É mais, destacou, á restrición e dificultades no acceso á información engádese ademais o feito de que algúns dos documentos compilados nesta sala non están «completos», «había documentos que

facían alusión a anexos para poder ser comprendidos na súa totalidade, pero os anexos non estaban alí». Por outra parte, engadiu, «confírmase que este é un tratado que abrangue absolutamente todos os ámbitos da nosa vida». Unha transcendencia tan absoluta que fai aínda máis condenábel o escurantismo ao que está a ser sometida a negociación, «non está a haber a transparencia mínima necesaria, nin de cara á cidadanía, nin de cara ás eurodeputadas e eurodeputados, que teremos que discutir sobre este tratado e do que nalgún momento teremos que decidir sobre a súa ratificación ou non». «Están limitando a nosa acción política», sentenciou. **48^{1/2}**

Senra: «O TTIP converteríanos en persoas sen dereitos escravas das multinacionais»

Finalmente o debate e votación do informe de recomendacións do PE para as negociacións do TTIP que está a realizar a Comisión Europea tiveron lugar o 8 de xullo de 2015, tras a suspensión decretada polo Presidente do Parlamento, o socialista Martin Schulz, o mes anterior. Ese día asistimos de novo á confirmación de que a grande alianza neoliberal está disposta a empregar todo tipo de artimañas para sacar adiante instrumentos cos que someter os pobos baixo os intereses do capital. Para impedir o bloqueio do ISDS foi presentada polo autor do informe, o tamén socialista Bernd Lange, unha emenda de compromiso –aprobada– que deixa a porta aberta á implementación destes pseudotribunais entre empresas e Estados. Finalmente, o informe de recomendacións saíu aprobado con 436 votos a favor e 241 en contra. Desde Alternativa Galega de Esquerda en Europa e desde o Grupo da Esquerda Unitaria Europea-Esquerda Verde Nórdica «temos a responsabilidade de seguir alertando de que a Unión Europea e os Estados Unidos están negociando un gran nivel de transferencia de soberanía dos pobos ás grandes corporacións transnacionais», sinalou Lidia Senra. **49**





50



51

Senra: «Os documentos secretos da sala de lectura do TTIP non mostran o que en realidade se negocia»

O 20 de outubro de 2015 a eurodeputada de AGEe entrou por segunda vez na sala de documentación confidencial do TTIP. En consonancia coa sensación desprendida da primeira consulta, a selección de documentos a disposición das eurodeputadas e eurodeputados «pon de manifesto que realmente as cousas importantes non están nesta sala», valorou a eurodeputada galega. De forma xeral, podemos concluír que a documentación revisada hoxe «non permite saber exactamente en que punto están as negociacións e que se está a debater en materia de agricultura», constituíndo «unha mostra máis das graves eivas en materia de democracia das que adoece esta Unión Europea». **50**

Lidia Senra valora moi positivamente a sentenza que anula o acordo comercial entre Marrocos e a UE

A principios de decembro de 2015 coñecemos a sentenza ditada onte polo Tribunal de Xustiza Europeo pola que se anulou o Tratado de Libre Comercio UE-Marrocos debido á non exclusión do territorio do Sáhara Occidental. Senra amosou unha vez máis «todo o noso apoio á loita do pobo saharauí» e puxo a énfase en que se trata dunha «decisión histórica que pon de manifesto os acordos ilegais da UE con Marrocos». Neste sentido, lembrou que tamén o Tribunal de Xustiza Europeo está tratando nestes momentos a posíbel ilegalidade en relación á pesca da UE no territorio do Sáhara Occidental e tamén a posíbel ilegalidade con relación á etiquetaxe de produtos, procedementos iniciados pola Fronte Polisaria e por Western Sahara Campaign UK. **51**



52^{1/2}



Senra demandou en sesión plenaria o 18 de decembro de 2014 a inmediata finalización da escravitude en Mauritania e a liberación do activista Biram Dah Abeid

AGEe amosa o seu apoio á loita do pobo grego

Lidia Senra participou do 17 ao 20 de xaneiro de 2015 nunha delegación a Atenas do GUE/NGL en apoio a Syriza, onde coñeceu de primeira man a situación do pobo grego, participou en espazos cos medios de comunicación e o mantemento de xuntanzas con representantes da formación política de esquerdas Syriza establecerán contactos con representantes sindicais que lles trasladarán unha análise pormenorizada das nefastas consecuencias que para a poboación grega están a ter as medidas de austeridade impostas pola Troika no país heleno.

52^{1/2}



Denunciamos o endebedamento vinculado ás «axudas» para loitar contra o Ébola en África

Na súa intervención na Conferencia de Alto Nivel sobre o Virus do Ébola, realizada o 3 de marzo de 2015 en Bruxelas, Senra sinalou que «os apoios para loitar contra o ébola non poden supor máis endebedamento, non se pode obrigar aos Gobernos a facer políticas de axuste nin recortes orzamentarios nos servizos públicos». «As axudas non poden estar vinculadas ao pagamento da débeda», criticou.

Para rematar co enquistamento da violencia na RD Congo multinacionais e potencias occidentais deben saír do país

Senra, titular tamén do Grupo da Esquerda Unitaria Europea-Esquerda Verde Nórdica na Asemblea Paritaria Unión Europea-África, Caribe, Pacífico, sinaloulle en 2015 á Alta Representante da UE, Federica Mogherini, que «non se escapa» a clara importancia estratéxica deste país africano «pola súa enorme dimensión xeográfica, por contar con grandes reservas de minerais como diamantes, ouro, coltán, cobre; reservas de petróleo, auga, terra....». Se realmente se queren solucionar este tipo de crises enquistadas, e que moi habitualmente atopamos nos países empobrecidos polas grandes potencias, «hai que comezar a falar seriamente de que as multinacionais e as potencias estranxeiras teñen que

saír», é dicir, «teñen que deixar que sexan os propios pobos os que decidan sobre os seus recursos e sobre a súa economía».

Senra: «O Synn Féin e a sociedade irlandesa están a realizar un esforzo admirábel por facer avanzar os acordos de paz»

A finais do mes de abril de 2015 a eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda en Europa (AGEe), Lidia Senra, participou nunha delegación internacional organizada polo grupo da Esquerda Unitaria Europea-Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL) a Irlanda, co obxectivo de afondar na situación actual e facer un seguimento do proceso de paz irlandés. A través desta iniciativa, xunto a AGEe, eurodeputados e eurodeputadas da coalición grega Syriza, da formación euskalduna EH Bildu e do Partido Comunista Portugués (PCP) tiveron a oportunidade de coñecer mellor os avances do proceso en Irlanda, onde a pesar de teren pasado xa dezasete anos desde a sinatura do Acordo de Venres Santo (1998) a división entre comunidades é aínda palpábel, polo que «segue a haber grandes esforzos por parte do Synn Féin e distintos colectivos sociais para achegar as dúas comunidades e acadar unha verdadeira situación de convivencia», resaltou Senra, «a día de hoxe, aínda hai muros que dividen as comunidades». **53**

Lidia Senra: «A UE ten que ir ás raíces que xeran a aparición de grupos como Al-Shabaab»

«A Unión Europea ten que actuar con todos os medios ao seu alcance para atacar as fondas raíces que se atopan tras os conflitos e que crean as condicións que favorecen o desenvolvemento de grupos como Al-Shabaab», deste xeito encetou a súa intervención a eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda en Europa (AGEe) durante o debate que tivo lugar o 29 de abril de 2015 en sesión plenaria do Parlamento Europeo a respecto do brutal asasinato de 148 estudantes o pasado 2 de abril no campus da Universidade de Garissa (Kenya). Senra proseguíu lembrando «a responsabilidade de antigas potencias coloniais» na «promoción» dos conflitos, a fame, a desnutrición e o saqueo dos recursos naturais do Corno de África, incluído o acaparamento de terras. Lidia Senra exhortou as potencias occidentais e as empresas multinacionais a «pór fin dunha vez por

todas» ao vergoñento saqueo de África, instándooos a «tirar as súas garras da rexión e respectar a soberanía dos pobos para que sexan realmente donos dos seus recursos e do seu futuro».

Lidia Senra critica o «egoísmo» que subxace no enfoque das políticas de desenvolvemento da UE

No marco do debate a respecto do financiamento europeo de accións de desenvolvemento en países empobrecidos celebrado en sesión plenaria o 18 de maio de 2015, a eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda en Europa empregou a súa quenda de palabra para lamentar «o cariz egoísta que está a tomar o debate por momentos». Así, Senra reprochou directamente as eivas deste relatorio, onde «non hai nin unha soa liña sobre como erradicar a fame, nin unha soa liña para apoiar o campesiñado local, nin unha soa liña para deter o acaparamento de terras, nin unha soa liña, en definitiva, para pór fin a este saqueo».

Senra cualifica de «intolerábel» as coaccións de Schulz á cidadanía grega fronte ao referendo

Lidia Senra censurou o 2 de xullo de 2015 desde Bruxelas a entrada en escena do presidente do Parlamento Europeo, Martin Schulz, tentando intimidar a poboación grega diante do referendo que tería lugar o seguinte domingo 5 de xullo, «unha actitude que demostra un grao de inxerencia totalmente intolerábel por parte do presidente do Parlamento Europeo ante un proceso democrático como é a convocatoria dun referendo nun Estado membro», reprobou; «con esta actitude está tentando revocar un Goberno lexitimamente elixido, e iso parécese de xeito preocupante a unha tentativa sibilina de golpe de Estado político-financeiro». **54 1/2**

Senra: «Co acordo da Coop21 os Gobernos fracasaron, as multinacionais gañaron e o planeta perdeu»

Durante a realización da sesión plenaria do Parlamento Europeo correspondente ao mes de decembro sometéronse a debate as conclusións do Cumio Mundial do Clima celebrado en París



entre o 30 de novembro e o 11 de decembro de 2015 - Coop21. Para a eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda en Europa (AGEe), Lidia Senra, o acordo acadado «segue sen dar respostas ao cambio climático». Efectivamente, custa confiar nun compromiso de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro que non é vinculante para os Estados. O texto aprobado «segue apostando pola mercantilización do clima», analiza Senra, xa que mantén instrumentos de capitalización de recursos naturais fondamente criticados como, por exemplo, o mercado de bonos de carbono, «que permite que quen ten diñeiro pague para seguir emitindo gases de efecto invernadoiro».



**Solidariedade do GUE/NGL
co pobo palestino e a Frota
da Liberdade**
55 1/2

**Solidariedade co mozo irlandés
Ibrahim Halawa, no cárcere
en Exipto dende o ano 2013
por ter participado en
mobilizacións sociais**
56

**Xuntanza con representantes
comunidades ecuatorianas
afectadas por Chevron-Texaco**
57

140 PREGUNTAS PARLAMENTARIAS

**PRESENTADAS POR AGEe
DESDE XULLO DE 2014
ATE FINAIS DE FEBREIRO
DE 2016**

Agricultura e alimentación

- Interrupción da recollida de leite por Leche Celta en 50 explotacións
01-02-2016
- Investimentos anunciados en agricultura
26-11-2015
- A décima Conferencia Ministerial da OMC e a agricultura
26-11-2015
- Pensos transxénicos importados
30-10-2015
- Venda a perdas e abuso de poder na cadea de subministración alimentaria
24-09-2015
- Grave situación do sector lácteo de Galiza
08-05-2015
- Situación límite no sector lácteo galego
07-05-2015
- Á comisión: Fin das cotas leiteiras
07-04-2015
- Ao Consello: Fin das cotas leiteiras
07-04-2015
- Medidas para evitar a contaminación por transxénicos
31-03-2015
- Etiquetaxe dos alimentos - Informe e Resolución do Parlamento
27-02-2015
- Denominacións de orixe protexidas no Acordo UE-Marrocos
27-02-2015
- Agricultura e cambio climático
03-02-2015
- O dereito da competencia na aplicación da PAC
08-10-2014
- Nanomateriais artificiais en alimentos
30-09-2014
- Fin das cotas lácteas e inestabilidade no sector leiteiro
24-07-2014

Sector pesqueiro

- Deixar a pesca artesanal incidental fóra do TAC
28-01-2016
- Distribución das cotas de xarda por parte do Estado español
28-01-2016
- Repartición de cotas de pesca ao cerco galego
16-12-2015
- Construción dunha presa no río Miño
10-12-2015
- Recursos mineiros en alta mar
24-09-2015
- Gobernanza dos océanos e enerxía
24-09-2015
- Á Comisión: Estudos da EFSA sobre biotoxinas mariñas
22-04-2015
- Ao Consello: Estudos da EFSA sobre biotoxinas mariñas
22-04-2015
- EFSA, DRA e consumo de moluscos
22-04-2015
- Impacto das cotas pesqueiras en Galiza
26-01-2015
- Marisqueo na ría de Ferrol
18-12-2014
- Etiquetaxe dos produtos da pesca e da acuicultura no novo Regulamento
13-11-2014
- Prohibición da pesca con redes de deriva tradicionais e artesanais
16-10-2014

Dereitos humanos e sociais

- Impunidade dos crimes franquistas no Estado español
07-12-2015
- Preso galego vítima de malos tratos
11-06-2015
- Loita contra a pobreza enerxética en Europa
02-06-2015
- Modificación da lei de axuízamento criminal
07-05-2015
- Violación da privacidade en Facebook
22-04-2015
- Compatibilidade dunha circular italiana sobre o terrorismo islámico co Dereito da UE e os dereitos fundamentais
09-04-2015
- Ataque aos agregadores de noticias sen ánimo de lucro
03-03-2015
- Políticas de inclusión activa
03-03-2015
- Recorte de dereitos sociais a través da estratexia de «austeridade económica»
27-02-2015
- Conversión da Fortaleza de Monterrei en hotel
19-01-2015
- Lei de Seguridade Cidadá
05-01-2015
- Situacións críticas de galegas/os emigradas/os
18-12-2014
- Estabelecemento dunha renda mínima europea
09-12-2014
- Falso debate sobre a axenda post 2015
27-11-2014
- Violación dos dereitos fundamentais por parte do Estado español
09-10-2014
- Homologación de incapacidades a emigrantes galegos
03-10-2014

- Discriminación de persoas xubiladas con dereito a unha pensión de invalidez
03-10-2014
- Continuación dos desafiuzamentos no Estado español
23-09-2014
- Indefensión dos traballadores galegos en barcos noruegueses antes de 1994
24-07-2014

Mulleres

- Declaración prestada por menores no Estado español
16-11-2015
- Combater os asasinatos machistas
30-10-2015
- Eliminación do dereito a abortar para menores en España
31-03-2015
- Avanzar na loita contra a violencia machista
27-11-2014
- Asistencia transfronteiriza ao aborto de mulleres españolas en Estados membros da UE
25-07-2014

Sanidade

- Sensibilidade Química Múltiple
20-03-2015
- Servizos no Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA)
23-02-2015
- Acceso restrinxido a medicamentos para persoas enfermas de hepatite
19-01-2015
- As raíces do ébola
23-10-2014
- Vulneración dos dereitos básicos de pacientes en ensaios clínicos
23-10-2014
- Irregularidades en ensaios clínicos de AstraZeneca
23-10-2014

- Pagamento de medicamentos en Galiza
09-10-2014
- Mudanza na supervisión da Axencia Europea de Medicamentos
08-10-2014

Ensino

- Regulación da atención educativa hospitalaria e domiciliaria
30-11-2015
- Á Comisión: Proceso de precarización do sistema universitario do Estado español
27-02-2015
- Ao Consello: Proceso de precarización do sistema universitario do Estado español
24-02-2015
- Subvencións a colexios segregadores
22-12-2014

Emprego

- Seguimento da pregunta E-010743/2015: pemes e servizos de ambulancia
10-12-2015
- Precarización laboral das traballadoras e dos traballadores de Correos
21-07-2015
- Deterioración do servizo postal rural
21-07-2015
- Regulamento «Ómnibus», transportistas e dúmping
21-07-2015
- Discriminación contra as pequenas e medianas empresas na adxudicación de servizos de ambulancia
02-07-2015
- Privatización dos servizos de extinción de incendios e salvamento en Galiza
21-05-2015
- Fondos FEDER para publicidade
08-05-2015
- Salarios atrasados na empresa Cleanet
12-02-2015

- Privatización de AENA
04-02-2015
- O ERE de Coca-Cola
20-01-2015
- Alcoa e a chantaxe aos poderes públicos
18-12-2014
- Mobilización de fondos en paquete de emprego
27-11-2014
- Fondos FEDER e o exemplo de Lantero
11-11-2014
- Ineficacia da «Garantía Xuvenil»
23-10-2014
- Fin do veto á construción naval civil en Navantia
24-07-2014

Medio ambiente

- Novo proxecto mineiro en Galiza
29-02-2016
- Impactos negativos da ampliación do Real Club Náutico de Sanxenxo
25-02-2016
- Vertedura de residuos asfálticos na zona de Ferrol
07-01-2016
- Efluentes contaminantes na costa de Lugo
07-01-2016
- Accións de Edgewater contra o pobo galego
30-10-2015
- Sendas fluviais do río Tea e Castro da Croa
19-10-2015
- Pregunta sobre a denuncia CHAP (2014) 00627 (Río Tea)
24-09-2015
- Ampliación da planta de Reganosa en Ferrolterra
24-09-2015
- Fumigación de glifosato pola empresa ENCE
26-06-2015
- Agresión medioambiental contra o LIC do río Tea
11-06-2015

- Conservación do LIC do río Tea no marco da Rede Natura 2000
11-06-2015
- Estación depuradora de augas residuais (EDAR) e problemática no barrio de Coruxo (Vigo)
02-06-2015
- Plantacións de eucaliptos na Serra do Careón
07-05-2015
- Fumigación aérea sistemática autorizada polo Goberno español
07-05-2015
- Gasolineira en zona de risco para o río Miño en Lugo
19-01-2015
- Autorización ambiental integrada a «Forestal do Atlántico»
19-01-2015
- A ameaza da avespa asiática
15-10-2014
- Utilización de cianuro na industria mineira
30-09-2014
- Fumigacións en Galiza
30-09-2014
- Denegación de solicitudes de extradición
19-05-2015

Benestar animal

- Prohibición na UE do uso de animais salvaxes nos circos
11-02-2016
- Prohibición na UE do uso de animais salvaxes nos circos
05-11-2015
- Fondos comunitarios para a construción dun centro de experimentación animal
26-01-2015
- Estratexia europea en materia de benestar animal
26-01-2015
- Investimento de fondos comunitarios en estruturas de protección animal
26-01-2015
- Os malos tratos a cabalos en territorio galego
26-11-2014

- O uso de fondos da PAC para subvencionar elementos da tauromaquia
04-11-2014
- Uso de técnicas publicitarias para promover as corridas de touros entre menores de idade
04-11-2014

Infraestruturas

- Accidente ferroviario de Santiago de Compostela (xullo de 2013)
10-12-2015
- Vulneración da concentración parcelaria e a seguridade ferroviaria polo aeródromo de Godos
30-11-2015
- Novo enlace ferroviario de alta velocidade entre Santiago de Compostela e Vigo
05-05-2015
- Construción dunha nova autoestrada con gran impacto social, medioambiental e paisaxístico (A Fracha)
20-03-2015
- Construción dunha autovía que afecta a un Lugar de Importancia Comunitaria (LIC)
22-12-2014
- Reformas estruturais inútiles e investimento pantasma
27-11-2014

Tratados de libre comercio

- Desregulamentación do sector financeiro no TiSA
25-06-2015
- Desregulamentación e liberalización co TiSA
25-06-2015
- Ilexitimidade das negociacións do TiSA
25-06-2015
- Desregulamentación de servizos no TiSA
25-06-2015
- Seguimento E-003229/2015 sobre as negociacións do capítulo financeiro do ACS
25-06-2015

- Seguridade alimentaria nas negociacións da ATCI
31-03-2015
- Acordo CETA e protección de indicacións xeográficas
27-11-2014
- Acordo Económico e Comercial Global (AECG) e empresa Edgewater en Galiza
09-10-2014
- Concesións agrícolas realizadas no marco do Acordo Económico e Comercio Global (CETA)
08-10-2014
- Protección das indicacións xeográficas no Acordo Transatlántico sobre Comercio e Investimento (ATCI)
17-09-2014
- Impacto do Acordo Transatlántico sobre Comercio e Investimento (ATCI) na agricultura
17-09-2014

Internacional

- Encarceramento de G. N. Saibaba e procedemento contra Arundhati Roy
29-02-2016
- Financiamento de emerxencia - campamentos de refuxiados saharauís
04-02-2016
- Mulleres kurdas asasinadas pola policía turca
13-01-2016
- Situación de Victoire Ingabiree do seu procedemento xudicial
03-06-2015
- Adestramento militar israelí nos Territorios Palestinos ocupados
02-06-2015
- Aborto denegado en Paraguai a unha nena de dez anos embarazada
01-06-2015
- Á Comisión: Cancelación da débeda dos países afectados polo ébola
05-05-2015

- Ao Consello: Cancelación da débeda dos países afectados polo ébola
05-05-2015
- O superávit por conta corrente de Alemaña
22-04-2015
- Fin da Posición Común sobre Cuba
09-04-2015
- O rexeitamento de Netanyahu a unha solución con dous Estados
24-03-2015
- Cambio de filosofía en canto á axuda alimentaria humanitaria da UE aos países de África Occidental
11-03-2015
- Autodeterminación e condición de Estado do Sáhara Occidental
05-12-2014
- Conformidade co Dereito da UE e os dereitos fundamentais dunha circular italiana e os seus anexos sobre a toma de impresións dactilares de migrantes irregulares
27-11-2014
- Manobras en Ucraína
17-09-2014



Lidia Senra Rodríguez

Deputada no Parlamento Europeo

OFICINA EN GALIZA

Rúa do Hórreo, 60. Entrechán.
Santiago de Compostela

OFICINA EN BRUXELAS

Parlamento Europeo,
WIB 02M025, Rua Wiertz, 60.
1047, Bruxelas (Bélxica)

TELÉFONOS

Lidia Senra: 0034 609 845 861

Oficina Bruxelas: 0032 22847414

Comunicación Bruxelas:
0034 698 108 434

Oficina Galiza: 881 81 74 43 /
653 09 80 18

Comunicación Galiza: 698 14 40 67

www.ageuropa.gal

 LidiaSenraRodriguez

 @LidiaSenra

 @AGEuropa

 AGE en Europa